


Baiona: patrimonio e turismo*

XOSÉ MARÍA BOUZÓ FERNÁNDEZ

VAIA POR DIANTE O QUE SEGUE

O presente artigo pretende ser unha chamada de atención á vez que un instrumento de denuncia e unha proposta para o traballo e debate, aportando ao mesmo tempo algunhas informacións e opinións sobre o tema. Unha chamada de atención e denuncia do deterioro, abandono, falta de valoración e interese polo noso patrimonio e a súa situación de desprotección. Unha proposta de traballo e debate para, dende aquí, animar a outros, colectivos ou persoas que polo seu traballo, interese ou formación dispoñan de coñecementos técnicos e legais que lles permitan facer novas propostas de solución ou denuncias máis específicas. Un instrumento de información sobre recursos, usos e situación dos nosos bens patrimoniais, que permita unha valoración, sensibilización e unha conducta máis activa e positiva na protección do noso patrimonio.



Non procuramos, pois, un estudo técnico e profundo do tema, senón algo máis gráfico e descritivo e nunha linguaxe que calquera poida comprender, sen pretender renunciar á propia opinión e á interpretación subxectiva dos feitos e circunstancias que se amosan.

Cinguimos o ámbito espacial do noso traballo, por limitar dalgún xeito a extensión deste artigo, ó Concello de Baiona, invitando a que outras persoas fagan o propio nos concellos do Val Miñor.

Poñemos atención especial nos aspectos culturais e urbanísticos: a cultura que se ten promovido e aquela que se deu en esquecer ou ocultar, e o permisivismo ou ignorancia que da lei se fai e algunhas das súas consecuencias, entrando de cheo nas políticas que se exerceron dende o concello ata as eleccións do 2003, e o seu significado.

Tampouco queremos esquecer o influxo do turismo no deterioro, pero tamén como posible motor de recuperación e desenvolvemento.


Queremos rematar o artigo con algunhas referencias á situación do rural e o seu desenvolvemento, porque pensamos que boa parte do noso patrimonio material e

* Fotos de Xosé María Bouzó.

espiritual, histórico, etnográfico, natural... ambiental, estase a perder canda el, e que os seus usos, espacios, aveños e bens materiais non poden ser conservados se non é co mantemento dese seu estilo de vida, adaptándoo ós novos tempos, circunstancias e necesidades.

PATRIMONIO DE TODOS

Cando falamos de patrimonio común, referímonos ó conxunto de bens, materiais e inmateriais, que se consideran herdanza común dunha colectividade. Os eco-



nomistas engaden que son elementos alienables e transmisibles, e o dereito fala, ademais de bens, dos dereitos e cargas que, no seu conxunto, forman unha universalidade xurídica e, en consecuencia, non é alleable intervivos.¹

Nós ímonos referir ó patrimonio natural: o “conxunto de elementos naturais presentes na paisaxe, difíciles de contabilizar e xeradores de benestar e calidade de vida para o individuo dentro da colectividade”; ó patrimonio histórico-artístico, que engloba todo

tipo de bens de interese artístico (obras de arte: santos, ídolos, cruceiros, petos de ánimas); histórico (monumentos, fortalezas, mosteiros, moedas...); paleontolóxico (antigos depósitos fósiles); arqueolóxico (antas, pedras lascadas, muíños rupestres, petroglifos, castros, machados, puntas de frecha...); científico-técnico (sistemas de rego, moenda, aproveitamento enerxético: tecnoloxía dos muíños, folóns, aceas, levadas...); bibliográfico e documental (libros, revistas, documentación antiga que é necesario conservar como testemuña da nosa historia).

Dentro do patrimonio histórico-artístico inclúense os bens sociais e culturais: o conxunto de costumes, usos, hábitos, crenzas, festas e tradicións, e o idioma en que se expresan, así como os traballos ou tarefas individuais e colectivas, propios dunha comunidade nun determinado momento.

Nós queremos incidir aquí, por canto é máis que frecuentemente esquecido polas nosas institucións, na importancia do noso idioma como o noso principal ben cultural, que o é, e na súa necesidade de protección e defensa.


De todo o que respecta á definición de patrimonio, queremos facer fincapé nunha idea: a de “**herdanza común e transmisible**”, coas cargas ou responsabilidades que iso conleva. Moitas veces fálase de patrimonio como a herdanza dos nosos antergos, “o noso legado histórico” e, algunhas veces, sentimos como estamos a esquecer que tamén é a herdanza que nós imos deixar ó futuro.

Convén insistir na idea de que o noso patrimonio, ademais do conxunto de bens que a nós nos chega, comporta as cargas da conservación e mellora do legado para as xeracións futuras e, nesa liña, que a cesión de espacios públicos para uso privado (embarcadeiros deportivos, campings, campos de golf...) supón unha perda de parte dese patrimonio común.

E insistir tamén en que o patrimonio pertence, en usufructo, a toda a comunidade e non a unha parte da colectividade.²

A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO

A protección do patrimonio non debería reducirse á formulación de leis que logo non se apliquen, ou se aplican só nalgúns casos, creando sensación de inxustiza, arbitrariedade ou simplemente desconfianza. ¿Quen non sente algo máis que desconfianza cando se derruba a casa dun xubilado no Morrazo, ou os chilotes dos pescadores no portiño de Mide (San Miguel de Oia-Coruxo) e non se fai o propio cos chalés da zona ou da costa entre Monteferro e A Guarda?³



Polo que parece, só se actúa cando hai unha denuncia⁴. ¿Quizais por iso de que a xustiza é cega pero non xorda? Calquera que vaia de Baiona á Guarda pode darse conta das construcións en liña de costa ou o aumento de altura dalgúns edificios. Os organismos responsables de velar por estes temas tamén poderían velo sen que alguén teña que interpoñer denuncia algunha ou dá-la voz de alarma.

A xente di que o alcalde de tal sitio é bo porque “deixa construír a ricos e pobres” e o de tal outro malo porque só deixa construír ós ricos (referíndose ás construcións na costa). Pero o permisivismo é unha arma electoral perigosa. É certo que dá votos (deixar facer...), pero deixa desprotexido alomenos ó máis débil⁵, e crea desconfianza fronte á legalidade.


O problema podería estar en que a administración está gobernada por políticos e que os políticos, a estas alturas, parecen ter por primeira das súas prioridades o mantemento dos votos, de tal xeito que semella non interesar certo tipo de intervencións que puideran pór en contra ó electorado ou parte dese electorado⁶.

Así que hai unha lei de costas, como tamén a hai de patrimonio, e nembargantes a costa está á vista de todos, e a administración non actúa, aínda supoñendo que inspectores hai e policía abondo para inspeccionar, levantar informes e transmitirlos ás instancias pertinentes para que corrixan os feitos ou os eviten.

Quizais dende a administración se espere, como unha ministra dixo no caso do “Pprestige”, que, no que respecta á costa rochosa, o mar se encargue das tarefas de limpeza. Na Hermida, preto de Silleiro, onde o chapapote cubriu as rochas xusto baixo a piscifactoría de Pescanova, están a agromar tres ou catro novos chalés no camiño por onde os voluntarios e o persoal de Tragsa e mais algún todo terreo dos de Medio Ambiente ten transitado durante as actuacións de limpeza: ¿cegueira, falta de competencia, desidia, in-com-pe-ten-cia? Ou quizais teñamos que esperar a que o mar os leve como fai co paseo na Praia de Panxón.⁷

Vimos de ver o espertar da conciencia civil ante a desidia, xordeira ou mentiras (ou quizais todo xunto) dos nosos gobernantes, que deu lugar á plataforma cidadá NUNCA MÁIS e á mobilización dun inxente número de voluntarios. Convén aproveitarlo tirón e fomentar o movemento cidadán e o voluntariado á marxe de intereses partidistas mentres aínda teñamos algo por salvar.

Unha boa parte do noso patrimonio está aínda por inventariar, e mesmo aquela parte que figura nos inventarios non está sempre protexida, xa que para iso, ademais de estar inventariada, debe figurar nun rexistro como ben protexido, o que moitas veces non se dá.



Existen asociacións no Val, á marxe dos partidos políticos, que poderían asumir tarefas de sensibilización e de denuncia, e un bo continxente de posibles voluntarios e voluntarias para estas accións, dende asociacións de veciños, comunidades de distinta índole, centros de ensino, asociacións culturais e deportivas, grupos parroquiais, Asociación A Groba, Plataforma Nunca Máis Val Miñor, ou o propio Instituto de Estudios Miñoranos. O ideal sería atopar quen

estivera disposto a aglutinar todas estas forzas, individuo ou asociación, por canto a unión fai forza, ou contra o “divide e vencerás”. Ou, alomenos, que a xente con inquietude social se achegue ás organizacións existentes, en lugar de crear outras novas, aportando as súas ideas e o seu esforzo. Neste senso, consideramos máis que necesario a utilización dos medios de comunicación para a denuncia e creación de opinión (artigos nas revistas, cartas ó director nos xornais, intervencións en programas de radio...), como xeito de combater a manipulación da información da que, pensamos, xa todo o mundo é consciente. E participar nas asociacións, mesmo cos partidos políticos que cada quen considere, inda que só sexa falando ou enviando comunicacións.

Tamén é certo que a situación político-social nos nosos concellos amosa importantes atrancos, dende a posición individualista e descrida que nos fai pensar que nada nos afecta non sendo o que directamente nos toca, ou que nada se pode contra os que mandan, ata a crítica daqueles que poidan ver ameazados calquera dos seus intereses ou as estratexias e usos dos que detentan o poder económico e político ante calquera crítica, cuestionamento ou denuncia que poña en perigo os seus intereses ou o seu mandado.

Doutro lado, ou emporiso, ninguén vai querer provocar un enfrontamento cun seu veciño por mor dunha denuncia, ou mesmo co propio concello ou o alcalde de vez cando é este quen permite, por insistir no exemplo, a construción nunha zona protexida, polo que parece máis aconsellable actuar dende un colectivo e, quizais como estratexia, cruza-las intervencións entre colectivos dos distintos concellos.⁸

É necesario, ó noso entender, que os bens patrimoniais estean protexidos polo propio feito de selo, de xeito que ante calquera intervención que puidera afectar a un ben patrimonial, houbera que tramita-lo correspondente permiso e dictame técnico. Non parece lóxico, dende a nosa sensibilidade, que alguén poida facer unha pista por riba dun camiño lousado⁹ ou construír nun campo de mámoas porque tales bens non estean catalogados ou non figuren como bens protexidos. Se os particulares deben denunciar, debería ser para pedir contas ós organismos competentes por non exercer nas súas funcións de protección.

Volvendo á aplicación da lei, pensamos que se deberían pedir tódalas responsabilidades ou, alomenos, denuncialas. Cando alguén rompe un petroglifo para facer unha pista, asfalta unha ponte medieval ou un camiño lousado, ou constrúe unha vivenda enriba das rochas de Silleiro, por poñer máis exemplos, deberíase denunciar a quen o fai e tamén a quen permite que se faga (Concello, Conselleira...). Ou mesmo ó contratista e ó arquitecto cando proceda. Case todo o mundo sabe que o descoñecemento da lei non exime do seu cumprimento por parte

dos cidadáns e, marcando outro paralelismo, os funcionarios poden ser sancionados por deixamento de funcións. O patrimonio din que é de todos, e a lei ¿non din que é igual para todos?

No tema da catalogación e mesmo dos necesarios estudos sobre o noso patrimonio existen na nosa sociedade axentes que ben poderían contribuír, se houberse vontade. Sería posible un labor importante dende a universidade, ben mediante convenios específicos ou aproveitando o traballo de investigación que supoñen as teses, que puideran dirixirse e enfocarse cara a estes temas. E se o número de arqueólogos que ten a xunta non é suficiente, hai ben deles en paro ou en expectativa de traballos ben remunerados.

Recuperando a luz do voluntariado, lembremos que, no que respecta á limpeza e recollida de aves, fíxose un esforzo en carteis informativos de como actuar e a que enderezos e mesmo teléfonos acudir. Non sería máis difícil aplica-lo conto ó noso tema de xeito que calquera puidera facer uso destes servicios. Para quen se anime, tentaremos ofrecer nos apéndice a este artigo uns modelos e listado de direccións de interese a tal fin.

Canto á sensibilización e información, sempre de actualidade as reformas no ensino, sinalar as eivas que tanto nos currículos seguimos atopando sobre toda a nosa realidade (a dos galegos e galegas, claro), que tamén afectan no que se refire ó patrimonio, como no deseño de programas e ciclos enfocados á conservación e recuperación do noso patrimonio, nun sentido ben amplo.

Pola nosa parte, dende o IEM ou calquera outro colectivo con intereses socio-culturais ou ecolóxicos, ata nos centros de ensino, calquera esforzo neste senso sería tan interesante coma necesario. E como parte desta sensibilización, ben podería estar algunha saída didáctica para identifica-lo problema, que se materializara nalgunha denuncia a Medioambiente e/ou Patrimonio.

De todo o aquí esposto falaremos a seguir, tratando de mostrar algúns exemplos no Concello de Baiona.

O PATRIMONIO NATURAL

Se despois dunha camiñada dende a Chan da Lagoa ata o Alto da Groba, por exemplo, facemos un pouco de memoria, poderíamos falar de piñeiros, eucaliptos, toxo, abrutias, a zona recreativa da Chan da Lagoa, vacas, cabalos, pistas, o campo de tiro do Cortelliño e pouco máis.

Todo plantado, sinalizado e marcado, practicamente, coma se dun parque se tratase. Chama a atención todo o que non hai, e o que queda semella froito da intervención do home. Quizais por iso falemos en “medio natural” como dicindo que o outro medio (a outra metade) xa non existe e que o que nos queda só é natural a medias.

Dende logo, unha plantación non é un bosque. Non é un produto (só) da natureza. É natureza “humanizada”, domesticada.



No territorio da Groba que corresponde ó concello de Baiona os únicos restos de bosque autóctono semellan ser a carballeira de San Cosme e a Fraga de Oliveira, no límite que traza o río da Groba entre Oliveira e A Granxa de Belesar.

Se a lei do monte contempla a repoboación despois dunha corta, non se di que esta se faga con especies autóctonas; nembargantes este sería un compromiso asumible entre as comunidades de montes. Habería que marcar zonas idóneas para a recuperación dos nosos soutos e fragas. Xeralmente os restos destes bosques atopámonos en zonas de difícil acceso (grobas, valgadas...), onde a plantación ou extracción de madeira para a súa explotación resulta máis dificultosa.

Na Chan da Lagoa fíxose unha plantación de carballo, ou mellor dito “roble americano”. O demais, ata o alto, é piñeiro do país e radiata (de Monterrei, California, americano tamén) e eucalipto (australiano). Xunto ós carballos da Chan, bidueiros en liñares formacións bordeados por outras coníferas exóticas. Todo moi coloadiño como corresponde nun parque. O que non sabemos é por que a este tipo de parques lles din “naturais” cando todo é plantado e, moito (acercádevos se non ó “Parque Natural do Monte Aloia”), mesmo exótico.

Pode resultar relaxante, non un domingo nin no bo tempo por mor da moita xente, a camiñada baixo as árbores da Chan, pisando a herba ou o mulime se é no outono-inverno. Facede a proba pola carballeira de San Cosme ou, mellor aínda, seguindo o río da Groba pola fraga de Oliveira.

Os piñerais e, peor aínda, os eucaliptais, son monótonos en sensacións e mesmo, comparativamente, pobres en vida. As plantacións de eucalipto semellan extensións de longas varas chantadas no chan e mesmo difíciles de camiñar pola broza e a casca estrada polo chan, ó que lle hai que engadir os efectos das cortas e entre-sacas que deixan o chan estrado de refugallos.

A cantidade de broza e restos da madeira do monte debería ser recollida para o seu aproveitamento. Mesmo podería ser unha alternativa da leña que se corta para ser utilizada como combustible (ás veces de carballo).

A limpeza, rexeneración e coidado do monte ben podería ser unha boa expectativa de traballo para o rural.

Noutras comunidades desa Europa que nos poñen como exemplo cando a algúns lles cómpre, (non sendo para falar de soldos ou condicións laborais), cortar un carballo centenario está penado con penas mesmo de cárcere.

A principios do ano 2003, unha empresa cortou un bosque de carballos (ben deles centenarios) e foi “castigada” a pagar unhas 400.000 pts (parte do beneficio pola corta fôiselle niso). É dicir, aquí o delito ecolóxico, na nosa terra, segue sendo rendible aínda que te pillen.¹⁰

En relación coa explotación da madeira están as pistas.

Se observamos unha zona de monte despois dunha corta masiva, podemos descubrir o enramado de pistas debuxando liñas paralelas e outras diagonais marcando un zig-zag nese retallo nu da paisaxe. Non parece haber un estudio racional nin control aparente no trazado e apertura de pistas. En ocasións as vellas dilúense no mato comestas pola vexetación e a erosión das chuvias e ábreanse outras novas, paralelas ás vellas. Ensánchanse unhas e outras déixanse morrer.¹¹

Outra nova moda é a de arranxar-las pistas con entullo, e co entullo van azulexos, vidros, variñas metálicas, cordas... Habería que razoar aquí que o monte non é un

vertedoiro de lixo como tampouco o mar ou a beiramar deberían selo (Silleiro...). O mesmo deberíamos dicir dos recheos; os da baía de Baiona, o trasfego de area das praias e os recheos con entullo e lixo na Groba, a extracción de terra e pedra e os trasfegos desta para adecuar zonas de recreo como o “Parque da Lagoa”.

Aquí, na Chan, os animais veñen comer nas bolsas de lixo que se amorean, dende que chega o bo tempo, despois dunha fin de semana, e van estrando o lixo arredor dos colectores; alá é o mar quen arrinca dos cómaros de lixo do vertedoiro ben de merda que vai ciscando por entre as rochas.

Cada vez é máis o tráfico na Groba: parellas en percura dun recuncho erótico festivo; familias de merenda; xente nova nos seus coches fumando ó pairo da música; pandas de grellada; excursionistas que deixan os seus coches nalgunha pista; grupos que percorren as pistas en motos de catro rodas; tractores, camións e serras a tirar madeira; motos polas pistas, monte a través, e polas trialeiras; axentes do servizo forestal; cuadrillas das xuntas de montes; gandeiros a levarlle herba ó seu gando... Todo dá en falar de lixo, petróleo que se queima, fume, ruído, contaminación, degradación do medio.


As pistas están cada vez máis concorridas e as rodeiras son cada vez máis fondas; ás veces estas deixan as pistas para metérense no monte. A xente deixa o seu lixo (plásticos, latas, botellas...); as parellas deixan sinalizados os seus recunchos con panos hixiánicos, condóns e cabichas dos cigarros. Canto ás rodeiras dos tractores e camións, xunto co cascallo das cortas, os botes de aceite e latas de gasolina só dicir que é máis do mesmo.

Falta sensibilización e máis control; tamén limpeza. E mentres non, créanse postos de traballo temporáneos para as brigadas e servizo de vixilancia en épocas de lume que ben puideran manterse todo o ano facendo tarefas de limpeza, información, repoboación, acondicionamento e control.

Escoitamos ás veces, máis en tempo de precampaña, a preocupación dos nosos políticos polo despoboamento do noso rural. A creación de postos de traballo forestal permanentes podería ser un incentivo neste problema.

Doutra banda, nada sabemos da Concellería de Medio Ambiente de Baiona. Quizais o tema non sexa o suficientemente importante como para que sequera exista, ou ben se espere que as comunidades de montes se fagan cargo. Vaites.


Ultimamente as estradas da Groba víronse invadidas de sinais de tráfico. Entre Fontes e O Cortelliño podemos atopar unhas cincuenta. Nembargantes, faltan por pintar uns 10 km. de estrada, como advirte un gran cartelón metálico. Ademais, hai que engadi-los quitamedos, tamén metálicos, que abeiran a estrada. Viaxando de noite por esta estrada, moitas veces entre a néboa, ben poderíamos esquecer que transitamos por unha estrada forestal, de non ser polo efecto reflectinte da folla do eucalipto, ou por algún cabalo ou vaca que se nos cruza.



E as únicas intervencións que observamos veñen a dar mais no mesmo: sinais de tráfico e ancheamento da estrada como se a cousa tratara de “urbaniza-lo monte” en lugar de preservalo, por exemplo advertindo nos accesos (Chan da Lagoa e Picadeiro de Mougas) de que se entra en zona forestal e convén aminora-la velocidade e pór atención ó gando ceibo, amais de non lixar o medio natural. Do resto, bastaría con pintar as liñas centrais e das cunetas e desvia-lo tráfico de acceso a Torroña e por Sta. M^a de Oia e O Rosal...

O gando na Groba comeza a ser máis do que os pastos poden soste. Algúns gandeiros pensan que o problema está en que o mato está moi basto (antigamente metíase lume ó toxo para facilitarlle o paso e a comeduría ó gando). As comunidades de montes acceden ás veces a roza-lo toxo. Empregan cadeas na operación e semella que isto afecta ó crecemento da herba que é pouca e desmedrada. Non hai devesas na Groba con pasto e frondosas aínda que hai ben de espacio onde crealas.

A xente do gando, como a do monte, non é xente unida. Cada quen lévalle de comer ás súas vacas e, se callar, ás dalgún socio. Isto xera, ademais do aumento dos



custes da produción (seguros, forraxe, desprazamentos, saneamento, traballo...), unha maior presenza de vehículos no monte co seu efecto nas pistas, contaminación, compactación do chan..., e multiplicación de zonas para a comeduría das vacas que quedan estradas de palla e pondóns de millo. Mentres, algún pesebre que se fixo en tempos, cando a Asociación de Gandeiros do Monte da Groba reunía ós comuneiros todos da zona, fica en desuso. Perdeuse tamén a oportunidade e os cartos da subvención para

a construción do curro. As diferencias sobre a utilización do Curro de Mougás (recollida do gando e alimentación durante o saneamento) significaron a desmembración da asociación e a creación de novos peches improvisados con rede, arame e estacas que non son retirados despois do seu uso (como tamén sucede arredor do curro de Mougás e nas pistas que se empregan no cordón para dirixi-lo gando), como no Cortelliño, onde mesmo se fixo unha pasarela con tubo metálico e un peche con rede e arames tensados. Mesmo hai algunha “granxa no monte” ou “peche de estabulación” entre a Chan da Lagoa e San Cosme (con muro de pedra), e outra con bloque e rede de arame e rampa de acceso en cemento, por riba do río de onde beben os ocasionais veciños de San Cosme.

A acumulación de bosta e ouriños é evidente á vista e ó cheiro en moitas destas zonas, moitas veces preto dalgún regato.

Xunto a isto hai que falar tamén da contaminación acústica. É máis que doado escoitar no monte o son das motos, coches, motoserras, bucinas chamando ó gando..., que non deixa de ser molesto para quen procura o deleite da natureza, pero tamén para a fauna, allea a todo isto.

Preto do Alto da Groba está o Alto das Abrutias, o que parece indicar que, nalgún tempo, estas plantas se daban só ou maioritariamente nesa zona. As abrutias (*Asphodelus alba*) enchen hoxe a Groba. Grelan ben co lume, mellor que outras plantas, e os aportes de nutrientes que supón a bosta de vacas e cabalos

sonlles acaídos. Na primavera podemos observar grandes extensións nas chans peladas e entre o toxo.

Outras plantas invasivas ás que, coma ó eucalipto e á abrutia, lles vai ben o lume para o seu establecemento, desprazando a outras especies, son as acacias e mimosas. Temos algúns pequenos matos xunto á Pedreira entre Baíña e Fontes que xa foron cortados en distintas ocasións e volveron rebrotar, o mesmo que aconteceu na Rocha.

E outra planta utilizada en xardíns, que tamén atopamos na Pedreira, no instituto e xunto ó colexio de Fontes, e entre os edificios en Baiona, e na costa de Rocamar..., e que participa dese carácter invasor, é a “Herba das Pampas”, facilmente identificable polos seus vistosos plumeiros. Empréganse como decorativas en autoestradas e xardíns e os plumeiros, cheos de sementes, son cortados para decorar interiores como “flor seca”. Unha vez instalada espállase e é moi difícil de erradicar. Algo disto está ocorrendo no Paseo de Monte do Boi, como ocorreu tamén nos arredores do cámping das Mariñas.

Seguindo cos exotismos, sinalar a teima coas sequoias, araucarias, palmas, palmitos e palmeiras, como no paseo marítimo á altura da urbanización A Romana, ou no novo trazado de Sabarís onde a urbanización Camiño Romano, ou no Habana Libre, ou nos xardíns da xente. Semella que o de fóra vende máis e que, mercede a ese complexo que nos fai refugar o noso, o de “Praia América” traducido á Baiona Turística, antiga Erizana, poderíanos levar a unha “Nova Florida”, ou algo así, por ese gusto polo exótico do que vimos de falar.

Falando de árbores: hai xente que pensa nas árbores en termos de metros cúbicos de madeira ou de miles de euros por corta. Hai quen pensa que os carballos, as sobreiras, os castiñeiros... non son máis que árbores.

Nun tempo non moi remoto a xente falaba coas árbores (a ninguén fai dano e a calquera lle cómpre ser escoitado). Recorriase ás árbores para sandar dun mal. Mesmo do tanguaraño que traía o raquitismo dos nenos. Hoxe aínda hai quen emprega a codia do carballo para as frieiras ou “sabañóns”, ou o salgueiro ou o castiñeiro para outros remedios.



Se tivesemos curiosidade suficiente para observar un carballo, unha sobreira, un vello castiñeiro durante varias horas, varios días, ó longo das distintas estacións do ano, poderíamos descubri-los fungos e líques e outras plantas que nel viven, os vermes, insectos, escarabellos que nel atopan acubillo, os paxaros que nel se gardan e alimentan, os pequenos mamíferos, réptiles e anfibios que precisan da árbore para a súa vida. E poderíamos ver como a follaxe e ramallos que del se desprenden serven como comeduría e acubillo para animais e plantas que viven ó seu redor, e para a propia árbore. Dende logo a cantidade e variedade de vida e de sensacións que podemos experimentar ó atravesar unha fraga, é moito máis rica que cando pasamos por un eucaliptal ou piñeiral, aínda.

Se alguén plantou unha árbore ou creceu canda algunha que o seu pai ou avó plantaran, de seguro que sabe que estas son algo máis que simples plantas.

Se lembramos que os animais somos feitos, como o planeta, case de tres cuartas partes de auga, poderíamos chegar a pensar que as árbores beben e se alimen-

tan de nós todos, como tamén alentan da nosa cinza e son testemuña viva do noso pasado. Deste xeito poderíamos dicir que son garantes dunha certa eternidade nosa, nese ciclo continuo que é a Vida.

Nos nosos montes, de toda a xente, falan máis as ausencias das nosas árbores que a presenza desas especies alleas. Sequera as oliveiras nos cemiterios ou aquela fraga esquecida de S. Cosme. Non é casualidade. A nosa cultura, a de todas e tódolos galegos e galegas, está a ser esquecida, regalada e relegada ó máis inaccesible das grobas e as enfestas. A nosa identidade está no carballo que esmorece ante o avance do eucalipto, como antes o piñeiro que incluso foi prender no noso himno.

Habería que pór prezo ás árbores dun xeito distinto do que o fan as xentes da madeira, para que a xente, inmersa na podremia economicista desta sociedade de consumo que se nos vai impoñendo co nome de “progreso”, fose quen de valora-lo seu significado:

As árbores retornan osíxeno ó noso aire e ó de todos. Habería que dar valor a cada litro de osíxeno e calcular o número de litros/día que a árbore produce. Suma e segue (s.e s.).

- Regulan o tránsito da auga das precipitacións e soterrañas. (s.e s.).
- Regulan a humidade do aire (s.e s.).
- Tamén contribúen ó control da temperatura refrescando no verán e conservando a calor no inverno (s.e s.).
- Contribúen a manter a cantidade e variedade da nosa flora e fauna (s.e s.).
- Ofrecen variedade de formas, cores e sensacións distintas segundo a época do ano, e que só podemos atopar na natureza do bosque (s.e s.).
- Fornecen medicamentos tradicionais e á industria farmacolóxica (s.e s.).
- Favorecen a formación de néboas coa súa transpiración, que aportan auga ó seu contorno en tempos de seca (s.e s.).
- As árbores son parte necesaria do ecosistema bosque e parte diferencial da nosa paisaxe.

Ó que lle habería que sumar o fertilizante que supón a follaxe e as ramas caídas e a comeduría e acubillo que ofrece a animais e plantas, e outros tantos aspectos, non só materiais, que as árbores e os bosques nos aportan.

Así que a destrución e non recuperación dos nosos bosques autóctonos é pan para hoxe e fame para mañán.

Outra escena curiosa que podemos atopar na Groba é a dos cabalos fozando na terra na percura de auga onde antes había. Soe darse no verán cando a calor seca fontes e regatos. Ás veces chegan a desenterrar e mesmo romper algún cano.

A aparición de novos núcleos de poboación e o aumento de vivendas ou segundas vivendas, xunto con novos hábitos dependentes do abastecemento de auga (lavadoras, ducha, fregapratos, piscinas, rego de xardíns, lavados de auto...) fai crece-las necesidades de auga.

Cóllese auga do río para o repoboado de S. Cosme, para as zonas recreativas de Chan da Lagoa ou O Cortelliño, para as vacas semi-estabuladas. Hai depósitos para o gando e encánase moito do resto para dar servizo a Fontes, Belesar, Baredo. Ás veces o tubo sinálase cunha fila continua de pedras sobre a zanza e semella

que un pequeno muriño está a agromar na nosa paisaxe. Devece a auga nos ríos, nas charcas ou lagoas, e nas fontes, e sofre a vexetación e os animais.

Se seguimos os nosos ríos dende Belesar ó mar (río da Groba) ou dende San Cosme ó mar, polo río de Baíña, atopamos que onde vive xente hai lixo e que a auga, máis nas crecidas, arrastra o lixo río abaixo e acumúlao nas pólas altas, onde queda ó devece-lo álveo pasada a época de chuvias, e nas beiras en zonas de pouca corrente.¹²

Por riba de San Cosme, como xa apuntabamos, hai un peche de estabulación para o saneamento e recuperación das vacas, co seu xudre de bostas e ouriños. E os veciños do poboado toman a auga do río cun tubo para o seu uso. A lei da gravidade actúa e os ouriños poden filtrar e escorrer pola ladeira ata chegar ó río.

Moito do lixo dos ríos queda nas beiras e nas pólas (por algún tempo) e logo, como o resto, acaba por chegar ó mar.

No mar a cousa é só semellante. En Silleiro podemos ver un bo recheo feito en lixo e os muros de lixo que dende o vertedoiro se estenden sobre o mar. En teoría o vertedoiro de lixo está pechado e o lixo vai para Cerceda. Na realidade, atopamos lixo recente en cada visita: restos de ramallos e broza, mobles, sanitarios, pequenos electrodomésticos... Dos muros, o mar vai arrincando lixo e vaino estendendo por toda a costa. Do cantil que forma o lixo contra o mar van quedando restos de vidro lambido polas ondas, conformando quizais a única praia de vidros de Europa que, anque alguén non chegue a imaxinar o motivo, non figura na propaganda de “Bayonam, municipio de excelencia turística”. Ten “coña”.

Co vertedoiro de lixo da Guarda pasa algo semellante. Pechouse cunha aramada e plantouse céspede e un monolito enriba, pero dos muros segue a arrincar lixo o mar.



Se observámo-la “limpeza das praias” cando chega o bo tempo vemos como algunhas máquinas enterran o lixo revolvendo a area.¹³

Semella haber unha idea que se repite: o lixo, ou o chapapote, que non se vexa. O malo é que calquera que ande polas rochas pode velo. E está aí aínda que alguén non o vexa. E non son pequenas manchas illadas.¹⁴

Entre Baiona e Baredo, non sempre, hai un cheiro que non se atura. Localízase preto da “Curva dos Nove”, onde os fascistas mataron a nove persoas do Val Miñor tralo Golpe á República. As pintadas recordan o sitio e reclaman un monumento “ós nove”. E en verdade que cheira a morto.


Outra cuestión que se nos ocorre é o destino dos aceites de freidurías e de motor. Non coñecemos en Baiona ningún punto de recollida de aceites usados. Se un particular cambia o aceite do seu coche no seu garaxe (resulta un bo aforro e é doado) pode que con sorte llo recollan nun taller ou nunha gasoleira. Caso contrario vai polo cano abaixo, como o da cociña dos particulares e dos restaurantes.

Tampouco sabemos que pasa cos pneumáticos que aparecen entre as rochas entre Baiona e Silleiro.¹⁵



Chegando á Chan da Lagoa lemos nun cartel “Prohibido coger pedras”. Estrada abaixo, a poucos metros, hai un buraco de feitura recente que aínda amosa os dentes da escavadora, e máis arriba, pé da estrada, xunto ó bar da Chan, un amplo desmonte onde adoitan recollerse as vacas.

- ¿E que dicir do recheo para o novo porto deportivo de Baiona? Só se nos ocorren preguntas.
- ¿De onde sae a pedra e a terra para o recheo?
- ¿Os estudos de impacto ambiental fainos Medio Ambiente ou unha empresa contratada/pagada polos interesados? E se o caso é o último apuntado, ¿que tipo de control existe sobre a validez destes estudos?
- ¿Non cortan os diques ou recheos as correntes mariñas da zona?
- ¿Non interfíren no arrastre e depósito dos sedimentos? 16
- ¿Non vai afectar isto ó marisqueo ou ás praias?
- ¿Como afectará ás augas o espacio pechado resultante entre o recheo e o dique da lonxa?
- ¿Os edificios que se van construír non suporán algún tipo de impacto visual e ambiental? ¿Onde vai ir parar o xudre e os produtos de limpeza que nestes se xeren ou empreguen?
- ¿A quen van beneficiar os novos amarres? (A lista de prezos dos alugueres xa está a vista da xente) ¿Quen vai poder pagalos, os donos dos establecementos e comercios ou os seus empregados?
- ¿Vai arranxar o novo porto deportivo a carencia dun club náutico municipal ó alcance de toda a cidadanía?
- ¿Vai te-la cidadanía e os sofridos mariñeiros algún tipo de compensación pola parte do patrimonio común, de todos e todas, que se lles arrebatara.



As solucións semellan ser sempre para algúns, e poderíase dicir que sempre soen se-los mesmos beneficiarios. Mentres, os mariñeiros que vaian buscando outro lugar onde bota-lo seu morto para amarra-la gamela ou o bote, polo momento.

E, mais do mesmo, espacio público que pasa a ser privado, ben que poidera ter dado en ser un embarcadero e clube náutico municipal ou que, en contrapartida ó seu dereito de explotación cubrirea

tais servicios ó municipio, por exemplo. Os que poidan e queiran xa teñen prazas á venda.¹⁷

PATRIMONIO CULTURAL


Cultura quere dicir cría, cultivo.

Xa vimos, ó falar das árbores, que o que aquí se cultiva non é precisamente o máis de noso.

Semella máis que evidente que o que os políticos fan en Baiona é, fundamentalmente, de cara a potenciar un turismo de hostalería e comercio; de hotel e parador e gasto en tendas. E club de iates, claro.

Tamén diríamos evidente que a historia que se vende e cultiva non é precisamente a máis de noso. E se non tomade conta dos monumentos e as festas que se promoven: Club de Iates (perdón, “Club de Yates”) Monterreal, Parador Conde de Gondomar e Castelo de Monterreal (o noso Monte do Boi), monumento a Pinzón, monumento a Afonso IX, réplica da Carabela Pinta, festa da Arribada (da carabela, non do chapapote)...

O monumento histórico máis sobranceiro de Baiona segue querendo se-la muralla de Monte Real, levantada polos reis de Castela. Cando se fixo o parador tirouse o palacete que alí había. Alguén debeu decidir que non tiña interese.¹⁸ O edificio que dá servizo ó parador, unha vez feita a excepción da fachada pacega da entrada, non ten gran cousa a ver coas murallas que o rodean malia as ameas que lle meteron. Hai unha fachada que serve de mostra e uns edificios sen máis personalidade que a que lle pode dar algún murete de pedra nas traseiras.



Hai unha Baiona Real, ou que se quere Real, a que se mostra para o turismo, e outra Baiona, a real, a que todos e todas vivimos a cotío.

Arredor das murallas, seguindo o paseo público, e de balde, do Monte do Boi (o boi non cobra, polo de agora)¹⁹ atopamos ben de exemplos de plantas invasivas e foráneas: Robinia pseudoacacia; Ailanthus altissima (que chaman “árbore do ceo ou dos deuses”); herba das pampas; figueiras; abrutias; e o Carpobrotus edulis, que dende a rocalla que mira a poñente vai invadindo todo ata o salseiro do mar.

Por baixo do paseo as rochas acumulan restos de arribada (unha outra Arribada): nasas, redes, pneumáticos, madeira e outros refugallos que só o mar recolle. En conxunto é un bo exemplo do interese que poida espertar, ou máis ben non, o noso patrimonio natural e histórico, o que din “patrimonio medioambiental”.

Doutro lado temos o uso que se fai ou non se fai do noso idioma (menos que máis que o imprescindible que a lei recolle).

E certo é que polo que atinxe ou non ó concello, ata o de agora, tamén semella que as realidades do agro non existen, a non ser polos terreos que aínda quedan para a libre especulación do chan urbanizable; e que o mar tampouco ten máis vida que a dos iates e regatas (Príncipe de Asturias, “su majestad el-Rei”, Trofeo Conde de Gondomar, canxan ben con “Monte Real”). Tamén para facer recheos e poder así vender ou alugar novas prazas de amarre.²⁰

En fin, Baiona é Real.

Empezando polo principio: o idioma que falamos.

Podemos acudir á igrexa e ler no taboleiro de anuncios. O que lemos está no idioma da real coroa de Castela²¹. Quen manda manda. E pasa o mesmo se acudimos ó cemiterio e, máis que maioritariamente, se acudimos ó taboleiro de anuncios do Concello ou botamos unha ollada ós carteis con que se anuncian os seus servizos.

Nembargantes, a propaganda electoral vai en galego, non sen-



do a do PP nas pasadas eleccións locais, que facía distincións colgando carteis en castelán na entrada da real vila de Baiona e en galego na rúa do “mercadiño” de Sabarís ou nas subidas a Belesar e Baíña, o que non é de extrañar cando ben sabemos que aínda hai quen pensa que o castelán é “de cidade” e o galego “de aldea”. Ou mesmo a candidatura de Veciños Independentes de Bayona presentando o seu candidato á alcaldía de Baiona, como se recolle nos seus carteis, polo que parece que os veciños saben ben da existencia de dúas baionas. Tamén a Unión de Bayoneses independentes, que fixeron os carteis en castelán e galego para que entendan as baionesas e bayoneses, todos e todas. Ppolíticamente correcto.

Ó entrar en Baiona, á altura de Santa Marta, o primeiro cartelón que atopamos é o do Hotel “Bahía de Bayona”, topónimo non oficial e propio de réximes pasados e pouco felices para os galegos, que se repite en perruquerías, anagramas varios, confrarías, santas irmandades..., xunto a outras lembranzas como a consabida “La Real”.

De feito existe, fronte á praia Barbeira, unha imaxe dun chapararro Afonso IX que, co dedo índice, sinala a placa onde se rememora a imposición á vila de Erizana do nome de “Bayonam”²².

De tódolos establecementos comerciais da vila, o único que cultiva o noso idioma é o de froitas Vilar, “fruits e patacas”, que ten como emblema os petroglifos do Grichouso, e cultiva galego nas rotulacións das súas tendas, nos prezos e nomes dos produtos e no trato coa xente. É como un carballo roxo entre tanto eucalipto.

No que toca ós bares, mesmo se podería establecer unha relación entre opción lingüística e o tipo de clientela. Por exemplo, os de sempre, onde van os mariñeiros e os propios do lugar: “A Penúltima”, “Os Amigos” conservan certa fasquía funcional sen grandes cambios, como no que toca á clientela. “O refuxio d’Antón”, que conserva o seu carácter e ambiente de sempre, recibe no verán, xunto cos seus parroquianos, certo tipo de turistas que prefiren ese sabor mariñeiro que conservan mesmo os barrís e o leme que dan forma ás súas mesas antes que a “xamonería” ou a “cervecería” que ten enfronte ou ó lado ou en calquera outra localidade de calquera parte. O que vén dicir que existe un “gusto polo auténtico” tamén nos turistas.

Algúns establecementos presentan os seus rótulos en galego aínda que as súas ofertas e produtos se presentan en castelán. Outros fan o ridículo cun nome en lixoso castrapo bautizando o local cun malsoante “Habelas hailas”, como dicindo “bienvenidos sean los fodechinchos, que haberlos hailos”, ou quen sabe que.²³

Outros danse a coñecer en castelán, aínda que tamén en inglés. Mesmo hai quen pretende explicar o nome do seu bar “Bay-one” dicindo que así chamaron os ingleses a esta baía por se-la primeira das españolas que atopaban subindo dende Portugal.

Falando de portugueses, dicir que a maior parte das visitas que a Baiona chegan son de xente galega e portuguesa, o que aínda fai máis absurda a idea de refugar o galego e, pensando nos casteláns e outros, pensar que o exótico, ou distinto, tamén vende²⁴. Algúns saben que o galego vende: na Galiza vende máis CaixaGalicia ou Caixanova que CajaEspaña ou Cajanueva, e a xente das finanzas ben o sabe e coida esa suposta imaxe do “compromiso coa terra”.

Mesmo nos “souvenirs” que no pobo se venden, por exemplo no bazar “La Real”, as lendas son tal como: “Recuerdo de Bayona”, “Bayona La Real”, “Virgen de la Roca” ou “Puente Romana de La Ramallosa”.

Malia todo iso aínda hai quen prefire o exotismo do inglés; así unha tenda de

roupa náutica ou exclusiva chámase en “Bay-one” “Nautic Mare”, nun estraño sincretismo lingüístico que semella querer marcar diferencias entre o mar dos deportes náuticos e aquel outro onde os mariñeiros traballan.

E aínda hai quen, quizais con ardores guerreiros (¡non á ocupación e ós ataques armados do imperialismo ianqui, nunca máis!), se afana en lembrar ós U.S.A. de Norteamérica (Sunset, Manhattan, Enterprise...)

Doutro lado, e aínda así, a principal ocupación da Concellería de Cultura da pasada lexislatura popular non parecía ser senón a organización da festa da Arribada e o malogrado 8º centenario da fundación da vila de “Bayonam”, que parece ía ser algo máis que a consabida estatua.


No libro do ex-concelleiro de cultura *Historia da Carabela Pinta* editado pola “Consellería de relacións institucionais e portavoz do goberno” da Xunta, que ten por virtude a brevidade das súas escasas 50 páxinas repetidas en versión galega e castelán, recóllese o bando do seu alcalde, datado en 1991 en castelán antigo e co selo, moderno, da alcaldía onde reza: “Excmo. Ayuntamiento de Bayona”, que tampouco semella galego, nin antigo nin moderno.

No nome das rúas, nas festas turísticas, nos “mercadíños”, nos monumentos históricos que se promoven e nos que non, hai unha idea que se repite. Dédícanse monumentos, paseos, rúas... á Carabela, a Diego Carmona, a Pinzón, a Afonso IX lembrando a imposición do nome de “Bayonam” á vila de Erizana. E a festa máis grande e de maior proxección e implicación no Concello é a da arribada da carabela Pinta, pola que se engalanan as rúas con gallardetes co león e o castelo de León e Castela, e na que se representa unha exótica versión da arribada e o anuncio da descuberta de América (os iraquís tamén veñen de descubrila) e se monta un mercado medieval no que non falta a Coca-Cola.

O mercado de Sabarís ten relegado ó de San Cosme. O día do mercado de San Cosme no 2002 xa non foi festivo local, por mor de terlle dado preferencia á festa da Arribada na elección destas festividades polo Concello. Non hai orquestra nin verbena, se acaso un churrasco e algunha polbeira. Do resto, un arremedo de calquera “mercadíño” onde mercar produtos típicos peruanos, africanos, taiwaneses..., e tamén noces, rosquillas e castañas.

Mesmo se inventan novas festas gastronómicas como a do “boleardo e o viño do Porto”, que non cremos se refira ó viño que se bebía no porto de Baiona cando a arribada. ¡Quen sabe! E que, no 2003, se fixo coincidir curiosamente co Día das Letras Galegas²⁵. Mentres, non se fai unha festa do pinto, da faneca, da sardiña, do polbo²⁶, da gaita, do grelo, do fodedouro (que noutrora houbo), dos cachelos, da pesca, da sega...

Singular polo inesperado no rueiro de Baiona é a rúa “Xogo da Bóla”. Nada se di dela nas guías. Polo que puidemos saber, preguntando ós maiores, dous equipos dispúñanse a cada extremo da rúa e cada un colocaba no chan cadansúa pedra ou



“marco”. O xogo consistiría en golpear-lo marco do outro equipo cunha bóla e defender o propio marco dos tiros rivais. Tamén din os vellos que nesa rúa se xogaban bólos celtas. ¿Por que non unha “Rúa dos Bólos” ou da Ra, ou da Chave?

Dos nosos xogos autóctonos tradicionais semella que só quedan os bólos. Algúns campos ficaron en desuso hai ben pouco, en Fontes, en Baredo. Fica algún en uso en Belesar, onde a xente aínda se xoga un carreiro de cando en vez.

Non se promoven os nosos xogos autóctonos e, a pouco e pouco e mentres non, vanse perdendo. Non queda onde xogar á chave, á petanca, á ra. Ben cabería no Aral un campo para estes xogos. Ou na Palma para compensar a aqueles que defenderon que “A Palma é nosa”, de todos e todas. Mesmo sería outro incentivo turístico poder ver ou participar nestes xogos. E dinamizaría a vida da vila.

Hai en Baiona un ximnasio municipal onde se pode practicar aeróbic e ximnasia de mantemento; un equipo de baloncesto e as instalacións da Palma con campos de basket e Futbito, amais do campo de fútbol da Sta. Liberata, que tamén fai de aparcadoiro nas afluencias da arribada ou do verán.

Hai tamén cursiños de vela (en colaboración co club de iates) e de mergullo, windsurf e piragüismo en colaboración con outras empresas náuticas tamén privadas.

Non hai cursiños de petanca, ou bólos celtas ou algo semellante. Tampouco organiza o Concello competicións ou outro tipo de actividades neste campo dos xogos tradicionais ou autóctonos.

En Baiona tampouco hai museos ou cousa que se lle pareza. Algúns pretenden chamarlle “museo da navegación” á reprodución da carabela Pinta, de xeito parello a chamarlle “estadio municipal Val de Martín” ó campo de fútbol de Baredo, ou “autovía pola vía” á estrada que vai polo antigo trazado da vía.²⁷

Hai unha historia esquecida, que mesmo se oculta, e unha outra que se cultiva e se magnifica e se estudia nas escolas, colexios e institutos do ensino obrigatorio. A lingua, como acontece con non calquera manifestación de opinión, entre o si e o non, non deixa de ser parte do mesmo conto.

No ano 2002 un grupo de alumnos do Instituto de Baiona fixeron un traballo sobre a Guerra Civil e o Franquismo. A xente espuxo o seu testemuño e aportou documentos gráficos; realizáronse proxeccións e espúxose o material acadado (fuxidos, represión, autarquía...). O proxecto recibiu un premio de innovación pedagóxica da Xunta. Quizais o máis impactante foi a manifestación dalgunha das testemuñas do pobo gabando a idea e dicindo que a xente aínda tiña medo de falar destas cousas, e a importancia de dar a oportunidade para poder facelo.

No 2003 e no mesmo centro, como na maioría do ensino público, fixéronse paneis de seguimento do desastre do Prestige contra o que unha inmensa maioría gritamos “¡Nunca Máis!”, e da guerra dos norteamericanos contra Iraq, contra a que unha inmensa maioría gritamos “¡Non á guerra. Nunca máis!”. Houbo conferencias de técnicos da mariña mercante e capitáns de buques petroleiros. Espuxéronse en paneis as distintas noticias que se daban dende distintos medios por mor de que moitas voces denunciaban a manipulación e censura ó grito de “¡Nunca máis!”. Tamén se fixo un referendo sobre a guerra. E a resposta da Xunta foi ben distinta: enviou unha circular da Consellería de Educación na que entre outras instrucións se di: “É, así mesmo, ilegal que un centro docente recabe, recolla ou emita, por calquera medio ou procedemento –resolución, acordo, asemblea, consulta, votación,

“referendo” ou similar-, declaracións ou manifestacións de coñecemento, xuízo ou vontade sobre cuestións alleas ó ámbito que competencialmente lle é propio.” (Asinada en Compostela o 13 de marzo de 2003 polo Director Xeral de Centros e Ordenación Educativa, Alberto González Armesto). Sen comentarios. Cada quen tire as súas conclusións. Por certo que a entrega do premio en cuestión, prevista para o mes de marzo, foi adiada. (No mes de maio, lembraredes, houbo eleccións municipais). A liberdade de expresión quérese facer ver que xa non é patrimonio de todos, mentres a manipulación e censura semella seguir sendo patrimonio dos de sempre.


Polo 14 de abril, en que algunha xente celebra o Día da República, un fato de homes e mulleres de Baiona reúnese na Curva dos Nove para lembrar os asasinatos que ocorreron na vila de man dos fascistas, recuperando a memoria dos feitos que da man do cabo Sebastián Pena deron no asasinato de nove homes de Sabarís e Baiona (entre os que se atopaban “O Gonda”, Leijó ou o marido de Rosa Pérez “A Furancha”); Baredo e Panxón (como Manuel de Benita ou Modesto Fernández, coñecido coma “Rei Chiquito”), a meirande parte mariñeiros.²⁸ No 2003 dúas novas pintadas reclaman un monumento ós Nove xunto ás nove cruces feitas con esprai na rocha fronte ó lugar onde a xente pintaba, durante o franquismo, nove cruces na area ou deixaba nove caraveis espallados no foxo. Hoxe fica un ramo con nove rosas envoltas coas cores da República. Nada saíu na prensa e nós recollémolo aquí porque nunca máis silencien a historia e a nosa memoria, patrimonio de todas e todos nós.

Nas mentras, nas fontes da vila e nos lavadoiros, aínda ninguén foi quen de retirar a xugada coas flechas co todo o que lembra e significa.

Algunhas das nosas tradicións perviven polo seu interese como reclamo turístico, aínda que ás veces presentadas descontextualizadas do seu marco histórico e referencial.

Nas festas do Carme ou na Anunciada represéntase a danza das espadas. Rescatouse para o turismo sen dar conta ningunha do seu significado. Esta danza pervive en moitas zonas ribeiregas de mares ou ríos de Galiza en relación cun suposto monstro acuático, responsable das mortes en naufraxios e desfeitas que o mar bravo, ou as crecidas dos ríos, trae ás nosas costas. En Redondela é a festa da Coca, onde aínda atopamos a versión completa. A Coca era un dragón que saía do río e mataba xente facendo grande destrozo. Para aplaca-la súa furia chegouse a un acordo ofrecéndolle algunhas mozas nunha data sinalada. Chegado un punto, os homes do lugar decidiron destruí-lo dragón e atallar dunha vez por todas o problema (É ben simbólico, non hai máis que cambiarlle de nome ó dragón). Na celebración redondelá as nais levan ás súas fillas danzando nos ombreiros, celebrando a victoria sobre o monstro. En Monçao, da outra banda do Miño, celébrase a festa o día do Corpo de Cristo. Fóra de Galiza celébrase en Catalunya, onde a coca chámase Tarasca, e tamén en Tarascón. Parecido é o mito inglés do San Xurxo e o dragón ou das lendas artúricas onde os cabaleiros loitan con estas bestas, só que aquí é o pobo, os mariñeiros, os que se levantan e loitan co mal que vén do mar. Un bo símbolo para os tempos que corren.

O noso patrimonio etnográfico é tan pouco valorado como pouco coñecido. Incluso haberá xente que se sorprenda de que se lle poida dar valor, ata o punto de que poideran estar “protexidos pola lei” os lavadoiros e as fontes, as presas, os peares, os camiños lousados, as levadas, as tumbas, os muiños, muros e valados...



Moitos dos camiños vellos, vereas vellas, romanas, ou camiños reais... xa non se recoñecen. En Sabarís ninguén podería sospeitar da existencia dun camiño romano ou medieval de non ser pola urbanización “Camiño romano” que se levantou pé do mesmo e ben preto da fonte do Pombal. O camiño debía pasar pola ponte da Ramallosa e pola de Sabarís e pola que hoxe aínda se conserva, asfaltada entre a Porta do Sol e a entrada á autoestrada para logo seguir

polo Pombal ata a ponte de Puga e de alí cara ó cruceiro da Stma. Trindade e a Fonte de Zeta. Fontes, pontes e cruceiros marcan e lembran o paso dos camiños medievais e reais. Nos máis antigos, as romanas ou camiños romanos, soen pasar á beira dalgúns castros e/ou mámoas. Algúns camiños medievais, e as pontes por onde atravesaban os ríos, foron trazados por riba doutros máis antigos, o que explica que algunhas pontes medievais sexan coñecidas como pontes romanas. Nembargantes, e malia a xente ter esa idea de maior antigüidade, os camiños rómpense para facer pistas ou cóbrense con cemento ou piche, o mesmo que ocorre coas pontes ou o empedrado dos cascos históricos. Tamén ás veces se rompen os castros por mor de facer unha pista, como ocorreu no Castro da Moura (Donas). De todo isto hai exemplos coñecidos en todo o Val Miñor. Tamén o fan os concellos e as deputacións. Mesmo a Universidade de Vigo rompeu un campo de mámoas en Lagoas (Zamáns) para construí-la zona deportiva do CUVI Non sempre é a ignorancia. Cando hai un conflito de intereses pode máis o criterio económico, e a especulación move montañas. Aínda máis preto, en Oia, por debaixo do Picadeiro de Mougás, fíxose unha “autopista” forestal por riba do camiño lousado que, pasando ó pé de varios castros, unía Mougás coa Serraseca de Viladesuso.

Na Groba fíxose hai un par de anos un campionato de enduro. Falando cos “mochileiros” encargados de marcar o circuito, estes mencionaron varias “romanas”²⁹ por onde ía o trazado. Ó parecer estas probas facíanse antes no Galiñeiro, só que “agora xa non deixan”, mentres que na Groba semella non haber problema. O camiño empedrado por onde subían as burras co gran de San Xián para moer nos muíños da Valga é empregado polos motoristas como trialeira, o que deu xa no derramado dalgúns tramos, onde agora atopamos só as marcas das rodeiras.

Os curros son parte tamén desa paisaxe etnográfica, e xa vimos o que está a provocar a falta de acordo entre os gandeiros do monte da Groba, e como isto deu lugar á aparición de improvisados recintos de rede, tubo metálico e arame en distintos puntos do monte.

O carro do país foi case totalmente substituído polos “chimpíns” e outros vehículos a motor. Hoxe podémoslos atopar facendo ás veces de decorativas mesas nalgún bar de ambiente rústico.




Algunhas fontes e lavadoiros aínda están en uso. Outras son parte xa da paisaxe do abandono, e tanto nunhas como noutras case sempre podemos atopar algunha mostra de intervención negativa. En case todas podemos atopar restos da simboloxía franquista. Nalgúns, alén da vontade de retirada, percíbese a vontade de que se conserven, e non só nas fontes e lavadoiros: a rúa Areas (ou Areíñas), en Sabarís, pasou a chamarse “General Franco” durante a dictadura. Co plano de excelen-





cia turística de Baiona cambiáronse as placas das rúas e neste caso, como no da rúa “José Antonio”, non se recuperou o antigo nome.³⁰

Noutros casos a sobranza de recursos e intención das comunidades de montes, xunto coa falta de criterio, deu lugar a intervencións desafortunadas ou mesmo aberrantes, como observamos nos lavadoiros-castelo da Granxa (Belesar) ou de Baredo, como reclamando inxenuamente o seu dereito a tamén ser Reais.

Seguindo no Pombal, onde a fonte brasonada, apreciada polas súas augas, pé do antigo camiño hai, algo máis arriba un conxunto fonte-lavadoiro e, entre as dúas fontes, a finca do Cristo Rei, segundo reza ás portas decoradas con imaxinería exótica gravada nas súas pedras. É unha antiga casona ó estilo das que os antigos indianos facían ó seu regreso á terra, cando a fortuna lles fora favorable, con capela e unha extensa finca onde non fallan as palmeiras e outros exotismos. Outro exemplo semellante atopámolo algo máis adiante na finca “Araucaria”, que recibe o nome do grandioso exemplar desta árbore tamén exótica. A primeira está en estado semirruinoso, non sendo unha parte da vivenda; a segunda consérvase habitada. Non sabemos da súa catalogación e protección fóra e lonxe do casco histórico da vila. Na mesma vila, a finca e o edificio Villa Rosa salvouse da total desfeita gracias a tela acollido a protección de Patrimonio. Algúns chalés en pedra perviven entre os edificios. Tal é o deterioro que mesmo parece que son estes os que desentoan rompendo a estética de bloques que o turismo trouxo á vila. Mesmo no interior do casco vello téñense levantado desmedradas edificacións con destino á hostalería, e seguen a derrubarse antigas vivendas para construír outras novas con novos materiais e estruturas, como ocorre na rúa Laxe coas últimas antigas vivendas unifamiliares que alí van quedando como mostra da vila que noutrora foi. E se puideramos facer unha viaxata nun deses parapentes a motor que co seu impertinente zunido nos sobrevoa ó chegar o bo tempo, poderíamos observar as modificacións en altura e novas estruturas simulando os novos espazos habitables baixo as retocadas cubertas.

Sen cuberta ficaron a meirande parte dos muíños. A penas catro paredes e a moa derramada orlando a beira dos nosos ríos. Quedan ben deles no río da Fraga (Baredo), no de Baíña, no río da Groba. Neste último, ó seu paso por Sabarís, mesmo fronte ó edificio do colexio, fican dous muíños de tres canos acurralados polas pistas do campo de tenis. Un en fase de recuperación e o outro en estado ruinoso, con algún pendello engadido. Salvouse parte da levada que os unía entre eles e ben pouco, máis ben nada, da que unía o primeiro co río. Pouco máis abaixo, consérvase





outro muíño convertido en tapería. Engadíuselle un salón comedor e estáselle a engadir unha nova construción en pedra onda o cubo do muíño.

Ligados ós muíños e ó río están as pasaxes ou peares e as presas, que tamén poden ser para rega. Algúns exemplos aínda en uso atopámoslos preto das agras da Granxa, en Belesar, e de Baredo.

E en relación coa auga, e como unha mostra máis de enxeño popular, están as minas e conductiones de auga para fontes e presotes, lavadoiros e muíños, algunhas rotas polo trazado de pistas e estradas e outras esquecidas dende a aparición dos pozos de barrena, os depósitos e a presa de Baiña que encora o río por riba das pozas, entre os Eidos e o Paraíso.

A mina do Olleiriño, coa súa cancela derramada, penetra nun túnel de dobre nivel dende a estrada que da Rocha vai a Fontes, na súa entrada en Fontes, cara ó monte das antenas. Na súa boca medran en desmesura un par de bos exemplares de eucalipto.

De entre as levadas, destacamos pola súa continuidade as que podemos atopar por riba do río da Groba, dende a Granxa ata as campas de Urgal, en Belesar, e por ámbalas beiras do río, no mesmo tramo, as que movían os muíños da fraga de Oliveira.


Se antes dicíamos que a nosa identidade está no carballo (as carballeiras son formacións típicas da Galiza), aquí diremos que, no etnográfico, o muíño é parte da nosa identidade. E o é, entre outras cousas, porque as rodas dos nosos muíños xiran en sentido contrario a como o fan en España, de xeito que, nun estudio realizado, achouse que esta diferenza no xiro coincidía coa fronteira lingüística do galego, incluíndo as zonas de fala galega en León, Zamora e O Bierzo.

Menos coñecidas e quizais minusvaloradas sexan outras minas, buracas e pedras furadas con valor etnográfico e natural.

Entre Rocamar e Silleiro atopamos dúas bocas de sendas covas naturais feitas pola filtración de augas entre os depósitos graníticos e, quizais tamén, pola acción do mar. Foron parcialmente destruídas pola construción da estrada Baiona-A Guarda. Nelas crece un curioso brión reflectinte ou fosforescente que se fai máis evidente contra o solpor. A lonxitude da Cova Pequena e a da Lagoa (chamada así pola poza de nivel freático que se forma pé da súa boca) son similares, arredor dos 25 m., sendo a segunda ben máis ancha no seu interior.

Seguindo en Baredo, temos outros dous buracos con valor etnográfico. Preto da Portela que dá paso de Baredo ás Mariñas está a Caseta do Demo, unha for-

mación rochosa cuberta por unha lapa furada no seu interior pola acción erosiva do vento mareiro, onde a xente podía facer noite ou acubillarse cando o mal tempo ou a noite os sorprendía no monte. A Lapa de Parreal atópase por riba da pista que vai do campo de fútbol ata cruza-lo río, por riba do Agro, pouco antes do cubo dun muíño que baixa cara ó río. Cando algún veciño se queixaba de non ter onde vivir, a xente dicíalle: ¡Vai para a Lapa de Parreal que está valeira! Tamén no monte rochoso de Silleiro hai unha Pedra Furada onde a xente di que estiveran ata máis de vinte fuxidos cando o Alzamento de Franco contra a República.³¹





En Baiona, no monte entre o Instituto e a Virxe da Rocha, temos outros dous buracos entre as rochas onde din “A Corte das Ovellas”. No máis grande atopamos un asento labrado no interior da rocha. Din que alí moraba outro fuxido do franquismo.

Resulta tamén curioso que o monte Sansón, onde houbo unha capela adicada a S. Roque e onde hoxe se ergue a Virxe da Rocha, sexa coñecido, e así se refire a xente ó lugar, como Monte da Rocha (que non da virxe) ou, simplemente, A Rocha, como se na memoria quedasen os antigos cultos ás árbores, ó raio, ás rochas...

Hoxe “O Cortelliño” ten que ver coa caza. Levantouse alí un monolito (unha pedra fincada) rodeado doutras pedras chantadas en círculo, en memoria dun finado cazador da Groba. Preto hai unha plataforma de tiro e, na vertente oposta, unha área recreativa con bancos, mesas, fonte e grellas e, no extremo da chan, un refuxio de cazadores que pide tella para cubri-la planchada de formigón que lle serve de tellado. A falta de tiros é un bo miradoiro sobre o Val Miñor.

Outros restos hai na Groba que aínda que son pouco coñecidos non deixan de ter interese histórico e etnográfico.

Pouco máis abaixo do Cortelliño e do nacente do Río das Pías, atopamos dous muros fortes facendo un “V” co vértice no río. Nese vértice debeu haber un foxo, rodeado de pedras que aínda se adiviñan, e que foi utilizado para caza-lo lobo. O “Foxo do Lobo” e o “Muro do Lobo” eran parte do mesmo enxeño. Os veciños saían desde distintas direccións metendo barullo en dirección ó muro escorrentando ás alimañas cara ós muros e empúrrandoos cara ó vértice, unha vez entraran no recinto amurado, ata que estes caían no foxo. Entre os muros e preto do foxo atopábase o “Cortello do Porco”, onde debía colocarse un baco-riño (ou un cabrito) para atrae-las feras. É unha serie de pedras chantadas formando círculos cada vez maiores arredor dun pequeno círculo central.



Estes círculos e parte do muro foron rotos polo trazado dunha nova pista que por alí discorre paralela ó río dende non hai moitos anos. É probable que o topónimo do “Cortelliño”, non moi distante, teña relación co “Cortello do Porco”.

Non atopamos estudio ningún sobre as cerradas e os valados da zona. Algo, máis ben pouco, en libros de historia do Val Miñor ou de Baiona, sobre capelas, cruceiros, pontes e camiños lousados. Algún capítulo nalgún libro sobre etnografía e toponimia do Val Miñor. A biblioteca de Baiona parece que comeza agora a funcionar, aínda que o traballo é moito para ben pouco persoal, absorbido entre a atención ó público e elaboración e informatización do inventario e arquivo. Botamos en falta bibliografía rigorosa e, podendo ser, en galego, sobre a Vila e o Val Miñor.

Consérvase algún outro exemplar de interese na biblioteca con temática relacionada con Baiona ou co Val Miñor, algún xa fóra de edición, como por exemplo *Casas y cosas del Valle Miñor* de Espinosa ou *Bayona antigua y moderna* de José de Santiago e Ulpiano Nogueira.

Algún libriño editárase sobre os petroglifos de Baiona, pero en canto se esgotou a edición morreu o conto, non se sabe se por falta de interese ou presuposto.


Tampouco sabemos de ningún estudio ou traballo, editado ou non, que recolla a tradición oral dos nosos vellos e anergos, aínda sabendo que é máis que posible que con eles se perda.

Nun dos últimos libros sobre a historia de Baiona publicados, e que podemos atopar nas librerías do Val Miñor, pásase por alto todo canto puido acontecer durante o golpe de estado franquista, quitando unha breve información do que foi alcalde do réxime; o “Nolete”...

Por remata-lo asunto diremos que unha biblioteca non é o mesmo que unha casa de cultura. Hoxe en día o edificio da biblioteca é a antiga “casa de cultura”, ou ó contrario, se se quere ver así.

Descoñecemos o inventario do patrimonio do concello, se existe..., está a medio facer..., hai algún proxecto...

A única exposición permanente sobre o patrimonio histórico-artístico que coñecemos é a maqueta da carabela Pinta, no salón de entrada do Concello, e o único



museo da Vila poderíase atopar na réplica a tamaño natural da mesma carabela (a letra con sangue entra) que o Concello deu en bautizar algún día como “museo da navegación”. Semella patente que os populares gobernantes desta vila non foron xente de grandes miras ou proxectos, e que tampouco lles sobran ideas orixinais. O ata hai ben pouco Concelleiro de Cultura da Vila esforzouse en dar a coñecer, en histórico castelán, os temas (ó seu criterio) máis importantes (e semella que os únicos) desta Vila: *Carta Puebla de Privilegio y Cédulas Reales otorgadas a la villa de Baiona; Breve Historia de Bayona; Monumentos de Bayona; Hª de la Carabela Pinta; La carabela Pinta y su arribada, Arribada del descubrimiento; Fundación y orígenes de Bayona como Villa de Realengo...*

Como legado deixounos o lema que presenta a Vila: “Baiona es Real” (repítese en letras pequenas o mesmo lema en galego e inglés “Bayona is Royal”, para os turistas, supomos). Tamén a obra (en castelán, claro, antigo) que se representa na festa da arribada. E o rueiro de Baiona, do que xa falamos.

Como legado deixounos o lema que presenta a Vila: “Baiona es Real” (repítese en letras pequenas o mesmo lema en galego e inglés “Bayona is Royal”, para os turistas, supomos). Tamén a obra (en castelán, claro, antigo) que se representa na festa da arribada. E o rueiro de Baiona, do que xa falamos.

Na tradución ó inglés, vemos clara a significación (por se alguén ficaba coa dúbida) de “Real”. Non fala da realidade (claro), senón da realeza. Semella unha proba ou




evidencia dese nacionalismo español que, sen ningún disimulo, pretende facer manifesta a submisión á coroa de Castela, o que ten a súa máxima expresión no monumento ó rei Alfonso IX, que coa cabeza ben alta e o dedo inquisidor, sinala o cartel onde se recorda a frase na que impón á vila de Erizana o novo nome de “Bayonam”, sen que por iso, malia a imaxe que pretendan dar dos outros nacionalismos, incluído o galego, se teñan dado, sequera, airadas protestas.

Se observamos os panfletos turísticos, a cousa non cambia moito. Por exemplo, en Baiona, rutas de interés, que asina o Concello, o Padroado de Turismo da Deputación de Pontevedra e a Consellería de Cultura, C. S. e Turismo da Xunta de Galicia, atopámonos coa proposta de tres rutas: Ruta Casco Histórico (Igrexas, Casas, Cruceiro da Trindade e remate no Pazo Mendoza), Ruta Pinzoniana (monumentos relacionados co Descubrimento) e ¡sorpresa!: “Fortaleza de Monterreal”. “Bayona es real” e “Colón descubrió América para los Reyes Católicos y mayor gloria de la santa iglesia”, poderíase interpretar.

Entón, case nada queda da Baiona agrícola e mariñeira, como tampouco dos fuxidos, dos paseados, das artes de pesca e embarcacións tradicionais, dos mariñeiros, que non navegantes, dos naufraxios, dos usos e costumes, as lendas, os aveños dos labores da nosa xente, as nosas crenzas... Semella que a historia que se vende de Baiona é a da praza forte da coroa de Castela que puido ser. O interese por estas outras realidades non van con aqueles nosos políticos e, nembargantes, a xente sorpréndese coas nosas paisaxes, e cos barcos que voltan coa carga do peixe, e cunha nube de ladroas gaivotas berrando por un peixe ou parte dos despojos (vai de símbolos). A xente pasma mirando as barcas e os mariñeiros faenando entre as cordas dos amarres. A xente detén o seu coche nos foxos da Groba para achegarse ó gando que alí vive en liberdade e acércase ós curros e ás pozas dos nosos ríos, e ás chans e ós camiños lousados que cruzan os nosos montes. E se o único que importa é o turismo, isto tamén o é. Así que vendan.

No instituto de Baiona gárdase un petroglifo medieval. Un xogo. Un alquerque de nove, que a xente da vila aínda lembra co nome de “riqui-raque” ou “xogo dos muíños”. O petroglifo foi atopado ó substituír o empedrado dunha rúa de Baiona. Avisado “Patrimonio” mandaron para-las obras conseguindo que estas se realizaran nun tempo “récord”, de xeito que cando voltaron os inspectores a obra xa estaba pechada.

En Baiona, municipio de excelencia turística, non hai un museo. Non pretendemos abrir unha sala no instituto. Entre outras cousas tampouco contamos con transporte público que suba á xente sequera ata a Rocha, aínda que quizais na temporada turística se podería habilitar o “tren Chu-Chu”, e mesmo a xente que non poida pagar un billete no A.V.E. podería consolarse de non ter acollida nesta xoia do Plan Galicia. ¡AVE Caesar Imperator!



PATRIMONIO E TURISMO (BAIONA É MUNICIPIO DE EXCELENCIA TURÍSTICA)

A máis da xente descoñece como se chamaba Praia América aínda antes de que o noso presidente fora ministro de Información e Turismo do Franquismo. Imos dar pistas. Hai alí unha urbanización de apartamentos que se chama “Arealoura” e un monte ou zona residencial que se chama “Monte Lourido”. Fronte ós apartamentos “Arealoura” hai un busto a Manuel Lemos, o reinventor do nome do lugar e adiantado “promotor” alá polo ano 1927.

Por sorte a Praia Ladeira non se chama “Playa de la Ladera”, ou “Praia Florida”, pola Florida americana, e o Monte Real volve chamarse Monte do Boi, salvo no que se refire intramuros das murallas que, como xa dixemos, debe seguir pertencendo á coroa e só se pode visitar facendo pago ou facendo gasto no parador. E no contorno do club de iates privado que agora estende dominios no club de tenis Monterreal.³²

Non habendo instalacións municipais, tampouco hai unha escola de navegación ou mesmo de construción e mantemento de embarcacións, cando menos tradicionais, que poidera recuperar os estaleiros de ribeira e garantise a conservación das gamelas baionesas.

O Concello posúe seis gamelas, en fibra, que se empregan nos quince días da “Semana Azul” e nas carreiras de gamelas das festas do Carme. ¿Por que non dalles máis uso? ¿Alguén non quereda poder alugar algunha para dar unha volta ou facer algún exercicio?

Podería haber concertos co club de iates ou de tenis para o uso das instalacións e o desenvolvemento das actividades marítimas en temporada baixa, como os cursos de vela que se fan na “Semana Azul”, ó chegar maio, pero mantendo unha continuidade durante o ano.

No caso da autoestrada, poderían terse habilitado entradas e saídas (e aínda se pode), que permitan circular entre Gondomar, Baiona e Nigrán circunvalando as vilas.

Mesmo á hora de licitar novas licencias para novos edificios, podería terse previsto a creación de prazas de garaxe que axudasen a resolver o problema do tráfico interior na vila.

Semella haber unha certa desconsideración cara á cidadanía cando se procuran solucións ocasionais, por mor da temporada turística, e non unha solución definitiva. O mesmo que cando a maioría das intervencións municipais se centran na vila de Baiona e a zona das praias, esquecendo os seus arredores e as outras parroquias do concello.

Doutro lado, postos a pagar, dá a impresión que son sempre os mesmos ós que lles toca sofrir-las consecuencias das decisións que se toman. Cando se fai unha autoestrada (para facilita-la chegada do turismo, fundamentalmente)³³, exprópianselle as terras á xente a menos de 1000 pts/m², poñamos por caso. Amais, os “desobedientes e desleais” que non aceptaron de primeiras as expropiacións cobraron ou cobrarán ben máis tarde, e reclamen logo os intereses³⁴. O metro de terreo estase a pagar en moitos deses sitios deste concello a máis de dez mil pts/m². Doutro lado, non se ten en conta a perda de valor que supón que pase unha ponte da autovía por riba da casa ou terreo, e o deterioro polo impacto visual e acústico que supón, nin a xente que quedou sen pozo polo corte que se fixo no acceso da autoestrada dende Baredo. Alomenos non coñecemos que se contemple ou teña dado indemni-

zación ningunha por tales motivos, xa non falemos da perda de tempo que supón ter que desprazarse ata unha ponte de acceso cando un veciño quere acceder ó monte, como sempre fixera, ou dende o monte á vila... Por sorte para os oídos dos afectados o tráfico en “tan necesaria vía de comunicación para o Miñor” é máis ben escaso durante o ano³⁵, non sendo no verán polos atascos que se forman na saída de Vincios e as correspondentes retencións para os que voltan das praias a Vigo; e as caravanas que se forman co bo tempo nas estradas do Val aínda son máis coa autoestrada, que non menos, como se esperaba ou dicía que se esperaba.

Semella evidente que todo o que se fai en Baiona é pensando no turismo e nos negocios que este conleva (especulación, comercio, hostalería...)

Máis ben, o turismo é o gran negocio para algúns. Quizais algúns poidan comprar terreos non edificables e montar un pendello de dúas plantas e sobrado, de 250 metros habitables (hai quen ten moita ferramenta), pagando, ou non, a correspondente multa. Mesmo cunha gran piscina (para os patos, péñese). E quizais nalgún monte sen valor a sorte dunha recualificación inesperada dea para facer unha urbanización de luxo que poña á venda o fillo de quen. ¿Quen sabe? Do patrimonio dalgúns, mellor nin falar. E mentres non, o patrimonio de todos vai sendo cada vez menos. Menos protexido. Minusvalorado. Menos de todos.

Non é estraña nin descoñecida a vinculación dos nosos políticos ós negocios inmobiliarios e hostaleiros. Non importan as cores. Ás veces semella que a alcaldía é parte ben codiciada dese mesmo negocio.

O turismo é pan da especulación e o comercio. Pan para os que venden e fame para os que precisan mercar. Pan para os que venden leiras a millóns e fame para cando precisas comprar piso por exemplo, cando os fillos queren independizarse e na familia xa non queda terra por vender³⁶, mentres os prezos están moi por riba do que eran, e os soldos e os contratos son os que hai.³⁷

Pan para os especuladores e empresarios e migallas para os que fican por baixo.

Se atendemos ás intervencións das administracións na zona ata o de agora, temos:

- Parador de turismo.
- Concesión Club de Iates Monterreal.
- Concesión do conflictivo aparcadoiro da Palma.
- “Autovía pola vía” (que así lle din á estrada nova Vigo-Ramallosa).
- Autoestrada Val Miñor, sen circunvalacións nin conexións entre os concellos.
- Concesións e recualificacións para a construción de urbanizacións, edificios, chalés adosados, club de iates, club de tenis, hoteis...
- Novo porto deportivo.
- Pantalán e réplica da carabela Pinta.
- Cambio de placas e novas papelceiras, mantendo o nome das rúas do Franquismo.
- Monumentos ós navegantes, ó encontro de dous mundos, a Pinzón, Afonso IX...

Semella que o agro e o mar non importan o mesmo ou, simplemente, non interesan.

Melloráronse, si, as instalacións da lonxa, aproveitando para crear novos espazos para aparcamento nos días de afluencia turística.

Para maior mostra da falta de interese, o que sucedeu, tamén en Baiona, a conta do Pprestige, naqueles primeiros días que uniron ás xentes contra as mentiras dos medios. Sen palabras. Só ¡Nunca Máis!

E vemos o que está a acontecer co recheo pese ás protestas. Máis do mesmo.

Parece que agora lle toca ó mar dar negocio outra vez ós mesmos. O mar non é de todos. Agora e Máis que Nunca ¡Nunca Máis!

O medio ambiente, xa o di a palabra: “medio”, a metade. Do outro medio xa non queda. Estanse xa a vende-los amarres, entre 31.449 pts máis i.v.e. e gastos de luz, auga... durante os 27 anos da concesión para as embarcacións de 8x3,75 m., e as 90.299 máis i.v.e. e gastos, as de 14x6,15 m. ¿Va que xa vos apetece amarrala chalana en tan selecto peirao? Pois ós que non lles dea a bolsa para tal despropósito, que vaian apartando o morto para outro lado onde non estorbe a manobra dos agraciados. O mesmo que cando o pantalán da Carabela-Museo da Navegación (dos tempos do descubrimento, claro).

No que respecta ó agro vemos como a pouco e pouco desaparecen os cultivos e agroman vivendas e urbanizacións de tódalas fasquías, cores, volumes, alturas e materiais. (Esperamos que alomenos iso motive a mellora dos servicios e estradas interiores). Non parece aplicarse normativa ningunha canto a estes aspectos nin sobre a conservación e rehabilitación de camiños, muiños, fontes, lavadoiros, e das vivendas e construcións adxectivas tradicionais. Tampouco sabemos onde foron parar as axudas dos programas europeos para o desenvolvemento rural e agrícola que ben se poderían ter destinado para melloras no rural onde fose preciso.

Tampouco semella seguirse ningún plano de urbanismo no casco urbano, ou normativa algunha. Máis ben o grao de permisivismo semella desbotar calquera plano (construcións descontextualizadas, aditamentos en altura, novos espazos simulados baixo tella...).

E aínda que a alguén lle pareza estraño sequera propolo, non hai unha compensación por perda de espazo público, de todos e todas, cando se fai un parador mesmo no monte da vila, poñendo prezo de entrada ou un club de iates con entrada restrinxida a socios, ou cando no monte se fai un campo de golf, como aínda hai quen pretende, substraendo do patrimonio común, de todos e todas, para unha explotación e uso privado duns poucos. Algo semellante ó que ocorre nas construcións ilegais na costa, incluíndo o recheo e porto deportivo privado e privativo de Baiona.

Doutro lado, fronte ós servicios ó turismo, tamén con importantes eivas, e alén de ningunha compensación, sofren os servicios á comunidade. Por falar dalgúns exemplos:

- Hai ben pouco, na primavera deste 2003, un home foi vítima, no parque da Palma, dun infarto. Cando chegou a ambulancia o home xa falecera. O certo é que para un simple golpe hai que trasladarse a Vigo a que nos fagan unha radiografía. A atención sanitaria no Val non dá para máis.
- Existe Oficina de Información ó Turista, pero non existe Oficina Municipal de Información ó Consumidor (OMIC) onde reclamar, por exemplo, ante unha factura abusiva.³⁸

- Tampouco debe haber problemas coa xuventude ou cos nosos maiores. Nada sabemos dalgún plano dende as distintas concellerías para atalla-los problemas de alcoholismo, fariña, cabalo, porros, pímulas e outras drogas que din (ou sabemos) que están a afectar tamén á sociedade baionesa.
- Notamos tamén que a oferta educativa no concello adoece na falta de ciclos medios ou de cursiños de formación do INEM, que si existen noutros concellos do Val.
- O asociacionismo ou cooperativismo xuvenil ou cidadán tampouco semella que se estea a fomentar, de non ser que pensemos na asociación de comerciantes e empresarios, que si funciona en defensa dos seus intereses, non vaia ser.
- Tampouco hai un parque de bombeiros no concello. Se houbese un incendio, poñamos nun hotel, no verán, nun día de afluencia turística masiva coas estradas de acceso á vila como acostuman estar en xullo ou agosto, pode que fora mellor chamar ó helicóptero ou á carroceta do servizo contra incendios forestais que esperar a que os bombeiros chegasen dende Balaídos.
- Coa chegada das vacacións o tráfico e a masificación trae máis e novos problemas. As dotacións de protección civil e policía local refórzanse con persoal novo. No caso das primeiras, refórzanse moitas veces con estudantes voluntarios, con algún cursiño feito ó caso. A escasa dotación de persoal da policía local, e a precariedade dos auxiliares sen contrato fixo, fai difícil a coordinación e mesmo a prestación do servizo, malia os esforzos do responsable por cubrir as quendas coa sobrecarga que supón, en horas e actuacións, a afluencia masiva de xente tanto nas horas de praia como nas da marcha nocturna. A precariedade no traballo dos auxiliares fai que estes, ó atopar unha mellor oferta, deixen o seu posto que ten que ser cuberto por outro novo auxiliar sen experiencia e coñecemento da vila, polo que ós impedimentos do servizo pola escaseza de persoal e medios engádeselle a inestabilidade do cadro.
- Poderíamos seguir co tema da asistencia social: falamos xa da inexistencia de planos sobre drogas, incluído o alcoholismo. Poderíamos seguir coas axudas á xente sen recursos, con impedimentos físicos ou económicos, ou con outras necesidades básicas. Mesmo asesoramento legal, laboral, do que xa deixamos ve-la súa ausencia.
- E aínda poderíamos engadir o tema do transporte. Dixemos xa que non había unha liña de transporte público ata o instituto. Tampouco a temos en Baíña ou en Belesar. Así que marcha o verán, a vila de Baiona queda medio baleira. Moitos deses grandes edificios que despersonalizan a vila a penas gardan un fato de veciños, mentres nas demais parroquias do concello a poboación é máis estable. A xente destas parroquias ten que ir á praza, á compra no super, ó traballo nos comercios ou na hostalería... a Baiona, e ten que facelo en coche, de xeito que tamén hai problemas co tráfico na vila despois do verán. Doutro lado, as comunicacións con A Guarda en transporte público son ben escasas e non hai liñas cara a Porriño ou Tui e o Baixo Miño se non é vía Vigo.

O outono e o inverno en Baiona son aburridos. Non hai xente pola rúa nin actividades para os non turistas no tempo da chuvia. A penas un par de salas de xogos e moitos bares onde quizais precisen de camareiros nalgunha ponte ou fin de semana. No verán medran as ofertas de traballo para os máis novos e tamén as posibilidades de diversión para aqueles que poidan deixar pasar estas ocasionais ofertas de traballo, de xeito que ben se podería dicir que o ritmo da vila vai de man do turismo e dos turistas, e que nas condicións de traballo (hostalería, comercio, servizo doméstico, mesmo na policía local, servizos forestais e protección civil), como nas opcións de ocio, predomina a temporalidade, que tamén quere dicir precariedade.

O turismo é un gran negocio para algúns, e un xeito de enfermidade para outros. Unha enfermidade social por canto fai máis desigual á sociedade, que lle afecta facendo medrar unha reia de hostaleiros, especuladores e comerciantes (políticos incluídos), mantendo desmedrados ós empregados e pequenos propietarios entre o aumento dos prezos e a precariedade e inestabilidade en salarios e condicións de traballo (temporalidade, quendas horarias desmesuradas que moitas veces non coinciden co contrato laboral, incluíndo domingos e feirados...). E, no tema que nos ocupa, a primacía dos intereses ligados ó turismo fronte ós ambientais ou da propia cultura. E mesmo de cara ó turismo, a imaxe falseada que se segue a dar da nosa historia como se nada tivese cambiado dende os Reis Católicos de Castela e León ata o Xeneral Franco e esta suposta democracia condicional e monárquica que nos quedou como legado daqueles que deron o golpe contra o goberno electo da República. A desfeita cultural do que é vendible e o que non, do que se promove e o que queda esquecido (porque así interesa) e, voando sobre todo, esa visión economicista do progreso e esa teima cabezona de “todo polo turismo”. Unha enfermidade que deshumaniza por canto aculturiza e converte os sinais de identidade dun pobo nun mero produto de consumo, nun espectáculo.

E, con todo, Baiona é Municipio de Excelencia Turística.

Ten praias, e un parador de turismo, e varios hoteis. E mesmo conta coa única praia de vidro de Europa: a do vertedoiro de lixo de Silleiro, ó pé dun singular monte (de merda, ou lixo se prefiren).

E se todo isto o atopamos na Vila, ¿que non atoparemos no rural?

O MEDIO RURAL (QUE TAMÉN É REAL)

Se o permisivismo urbanístico rende política e economicamente no concello ou en quen o ten ó seu cargo, a costa do patrimonio de todos, outro tanto ocorre na organización e desenvolvemento do rural, onde o concello semella facerse o despistado e deixa que os veciños amañen como poidan.

Por exemplo, son, en moitas ocasións, as comunidades de montes as que dotan de servizos ó rural cando o concello non cumpre: como a traída de augas, o arranxo dalgúns camiños, fontes e lavadoiros..., deixados ó seu criterio, o que ás veces, tamén moitas, resulta negativo e contrario ás leis e normativas. Xa mostramos algúns exemplos, amais de que o diñeiro do monte debería reverter no propio.

E tamén no que se refire ós montes, a xestión do gando, apertura de pistas, reboación, extracción de áridos e pedras...

Ninguén hai, na práctica, por riba destas entidades que coordine, dirixa ou, simplemente, vixíe o cumprimento das leis. Ben semella que o Concello ignora as súas competencias ou é simplemente incompetente nestes aspectos. É que o mar e o rural non interesan máis que cando se precisan votos ou novos espazos de explotación ou especulación.

Doutro lado, cando un alcalde promete ou dota a un barrio do concello dunha infraestrutura básica, como as beirarruas ou o alcantarillado, esto ben ser referenciado como un mérito a considerar e rentabilizar nas futuras eleccións, como se dun favor se tratara e non unha obriga, o mesmo que se fai coas obras de electrificación, telefonía rural ou carreteras e autopistas que neste século vintaun tiveron a ben acometer coa presidencia do que foi ministro de Turismo na dictadura, en que nada disto se fixo por Galiza. Algo así como o pai que nunca foi quen de recoñece-los seus fillos e anuncia dende o seu leito (do pai e/ou dos fillos) a magnífica herdanza que lle deixa por lexítima.

E se ninguén denuncia nada, será que todo vai ben. Así que todo vai entre o permisivismo interesado das administracións (deixar facer debe dar máis votos e cala bocas cando outros fan), e deixar por facer sempre deixa marxe para futuras e oportunas ou oportunistas inauguracións, e o “eles son os que mandan” da cidadanía resignada.

O turismo podería ter sido (e aínda pode selo) un bo instrumento de recuperación e progreso para o medio rural.

Fronte, ou xunto, ó turismo de Parador, boutique, marisquería, iate..., existe un turismo de sendeiros, campismo rural, refuxio, albergue na natureza, ou un turismo de campo de traballo e de traballo no campo, na recuperación ambiental ou nas granxas ou plantacións agrarias. Algo ben distinto do que se deu en chamar turismo rural, onde as “casas rurais” non deixan de ser “hoteis con encanto en zona máis ou menos rural” e non revirten grande cousa no desenvolvemento do rural. Do mesmo xeito que certo turismo debece por chegar ós sitios máis apartados e lonxe das “comodidades” da cidade, elixe durmir nunha choza xunto a unha das familias dun poboado africano, poñamos por caso, algo máis civilizado e menos exótico, pero non por iso menos atraente, podería ser durmir nunha aldea, nunha casa da aldea, e canto menos “moderna” ou cómoda mellor. E mesmo poder participar nas tarefas diarias do agro ou do mar, segundo se trate. Quizais non pescando nun río tropical dende unha barca feita dun tronco, mais si indo ó polbo ou á faneca nunha gamela ou nunha motora ou de a caballo a procura-lo gando.

En Baiona nin sequera hai un club náutico municipal para, quen queira, poida ir navegar ou poida dispor dun amarre por un módico prezo. E, tamén o dixemos, a pesar do gando ceibo nos seus montes, o concello tampouco conta con curro ningún. E sabemos tamén que sería de interese para o único club hípico presente no concello chegar a acordos que permitisen celebrar algún curso de hípica para introducir ós máis novos neste deporte a prezo reducido, o que tampouco se está aproveitando. Mesmo podería ser rendible para a xente do rural un servizo de gardería de cabalos de monta para quen queira telo e non dispoña das instalacións adecuadas.

Se temos en conta o grao de humanización dos montes da Groba e a Valga, pensamos que sería interesante a creación dun espazo medioambiental onde se pro-

movan os valores do noso patrimonio natural, histórico, etnográfico..., incluíndo a creación dunha aula de interpretación dos mesmos, posiblemente un albergue que poida acoller visitas didácticas, persoal para o desenvolvemento de campos de traballo, cursos de temática ambiental, locais para reunións da xente do monte que informe e desenvolva solucións ós distintos intereses dos madeireiros, gandeiros e cazadores..., o que podería significar un bo incentivo en forma de postos de traballo para a xente do rural en labores de vixilancia, limpeza, información, repoboación, rexeneración de ambientes, recuperación do patrimonio, guías...

En fin, que a ecoloxía pode xerar tamén diñeiro e traballo para o desenvolvemento rural.

Podérase crear tamén cooperativas para a elaboración e venda de produtos ecolóxicos, ou simplemente crear un mercado semanal, onde quen queira acollerse a esta idea poida dar saída ós seus produtos (mel, noces, castañas, lácteos, conservas de froita, verduras e hortalizas, carnes e embutidos...). Incluso se podería crear unha denominación de orixe para tales produtos da Groba ou da Groba-Valga, se queremos coller toda a serra costeira entre o Miño e o Miñor.

Os talleres, granxas, obradoiros que se creasen ou recuperasen a tal fin, ou mesmo para, simplemente, recuperar ambientes e oficios artesáns de cara ó consumo do turismo, poderíanse converter en novos centros de interese turístico, o que podería permitir, xunto coas subvencións existentes, a recuperación de vivendas, muíños e alpendres que hoxe se atopan en situación de abandono. Mesmo a comercialización de artigos tradicionais, como aveños das tarefas rurais en ferro, madeira e cerámica, con denominación propia, o que suporía a formación de núcleos artesáns que, máis adiante, poderían dar lugar a unha escola destas artes e oficios.

Outra posibilidade a ter en conta é a creación no rural dun servizo de camas ou camas e almorzo en vivendas de fasquía tradicional habitadas, ou en pendellos recuperados a tal fin a xeito de refuxio cos servizos imprescindibles (algún camastro ou liteiras e unha lareira e leñeira xunto cun punto de abastecemento de auga). Poderían acondicionarse, tamén, algúns dos casetos de vixilancia forestal, hoxe fóra de uso.

Evidentemente fai falla persoal que se ocupe nestes traballos de información, concienciación, organización e posta en marcha. Mais se a administración non é quen de dotar de axentes que promovan este tipo de iniciativas e mesmo avalíen as necesidades e posibilidades do contorno e xestionen as axudas e a realización das obras pertinentes, tamén é certo que un pequeno grupo de persoas con interese e vontade podería asumir algún proxecto desta índole que sirva para concienciar á xente e diluír desconfianzas de xeito que a idea se espalle.

En Galicia falla o elo que sirva de unión entre o barrio ou a freguesía (en Portugal chámase xuntas de freguesía) e a administración e, probablemente, sobran deputacións. Ou se queremos, falta cidadanía e sobran políticos. O movemento cidadán "Nunca Máis" tamén é consecuencia e contestación a esta situación. Os políticos teñen os seus propios intereses, vímolos tamén no ataque dos EE.UU. da América do Norte a Iraq, alleos ó pobo. E este sistema "democrático cada catro anos", cun goberno que pode manterse xordo cando se lle piden solucións e responsabilidades, pide máis movementos e iniciativas cidadáns. Máis asociacionismo e cooperativas cidadáns.

Farían falta axentes sociais que estimasen e levasen axudas onde se precisan, e non a aqueles máis espertos ou avisados que as soliciten, e que vixiasen pola adxudicación e aplicación das axudas recibidas, con formación, sensibilidade e criterios adecuados. Mentres non, vemos como co diñeiro do monte se constrúen castelos onde antigos lavadoiros, namentres nos lugares menos accesibles á especulación fican, nos retallos das antergas fragas, as romanas e os muíños derramados.

Claro que se a administración non cumpre, as asociacións veciñais ou cidadás deberían acabar por organizarse e toma-las rendas nestes asuntos, antes de que os nosos políticos comecen a expropiar lugares ou pobos enteiros para, coa coartada do abandono e a recuperación, adxudicalos a empresas privadas para a súa explotación como complexos turísticos ou mesmo campos de golf, e o noso patrimonio ambiental siga a reducirse pasando de medio (“medio ambiente”) a cuarto e metade e do uso público a mans privadas.

APÉNDICES

Por se alguén quere comezar a moverse, eis algunhas informacións de interese.

En primeiro lugar, calquera pode enviar unha notificación ós organismos que correspondan, dando parte dunha actuación ou feito en contra do noso patrimonio, solicitando sexa investigado e a determinación e depuración de responsabilidades e a protección e reposición ou reparación do dano causado. É tan simple como enviar un escrito ó organismo competente. Iso non custa máis que o pago do selo de correos.

Tamén se pode envia-la información a un grupo ecoloxista, unha asociación de defensa (da ría, da natureza... etc.), ou a un partido político, para que asuman as accións pertinentes.

Mesmo podemos chamar ó Servicio de Protección da Natureza (SEPRONA.), da Garda Civil, para que eles tomen conta e fagan as denuncias oportunas (Tel. 986 425 900; Fax 986 855 600).

MODELO DE DENUNCIA Á DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO.

É relativamente doado facer unha denuncia sobre a destrucción ou deterioro dun ben histórico, cultural, artístico, etnográfico. Chega con enviar unha carta certificada á:

Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
Servicio de Vixilancia e inspección do Patrimonio Cultural³⁹ Edificio administrativo San Cactano, Bloque 5, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela.
Teléfono: 981 545 810 – Fax: 981 544 830.
E-mail: roberto.pena.puentes@xunta.es

Pódese solicitar resposta escrita e mesmo dar un número telefónico de contacto por se for preciso ampliar a información. Un posible modelo podería ser:

Pola presente, e ós efectos legais oportunos, o que abaixo asina D./Dna.con DNIe con enderezo en no Concello de..... FAILLES SABER Que en dataobservamos que no lugar deá altura de (indicar punto quilométrico ou lugar de referencia próximo) na parroquia/barrio de do Concello defoi destruído/ deteriorado.....polo cal SOLICITO Poñan en marcha os mecanismos pertinentes que determinen as responsabilidades na destrucción/deterioro dos bens patrimoniais indicados e, de ser posible, a restitución ou recuperación dos bens afectados. Na espera da súa resposta quedamos á súa disposición para calquera colaboración que se precise. Enadede 200..... Asinado: Teléfono de contacto:

Esta Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo³⁹ ofrece tamén información, asesoramento e axudas en materia de conservación do patrimonio cultural,

proporcionando asesoramento e xestionando as axudas oficiais dirixidas á creación de establecementos de turismo rural, incluíndo a cofinanciación de investimentos relativos á rehabilitación ou restauración de construcións situadas no medio rural.

Canto a Costas e Medioambiente ás veces non están claras as competencias entre os distintos organismos do estado e da administración autonómica, polo que cómpre envía-las denuncias a ambos (pódense facer copias e mandar ós distintos enderezos): Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo – Servicio de Costas, Rúa San José, 46, Pontevedra, Tel.:986-84 0-786; e á Consellería, de Medio Ambiente. Dirección Xeral de Conservación da Natureza, San Lázaro s/n 15781. Santiago de Compostela (A Coruña) Tel 981-541-763. Fax: 981-541-765, como figura na páxina da Xunta en internet.

Esta consellería organízase nunha Subdirección xeral de espazos naturais e biodiversidade que atende cuestións relacionadas co medio natural (preservación de hábitats, medio natural, paisaxe, flora e fauna...) e elementos etnográficos; e unha Subdirección xeral de recursos cinexéticos e piscícolas (caza e pesca).

A lei de costas do 88 prohibía a construción de vivendas a menos de 100 m. das salpicaduras do salseiro no límite da preamar (xeralmente hai un marco que o delimita). Na nova lei de 2002, a distancia alóngase ata os 200 m..

Un exemplo de denuncia sobre estes termos podería ser:

<p>Pola presente, e ós efectos legais oportunos, o que abaixo asina D./Dna.</p> <p>.....con DNIe con enderezo en</p> <p>no Concello de.....</p> <p>FAILLES SABER</p> <p>Que en dataobservamos que no lugar deá altura de</p> <p>(indicar punto quilométrico ou lugar de referencia próximo) na parroquia/barrio de</p> <p>do Concello deestase a obrar/construír.....</p> <p>que vulgamos podería non respectar a normativa de Costas, polo cal</p> <p>SOLICITO</p> <p>Poñan en marcha os mecanismos pertinentes que determinen a legalidade ou non de tales actuacións e, de ser o caso, a determinación e depuración de responsabilidades e a recuperación da zona afectada.</p> <p>Na espera da súa resposta quedamos á súa disposición para calquera colaboración que se precise.</p> <p>En.....a.....dede 200.....</p> <p>Asinado:</p> <p>Teléfono de contacto:</p>
--

A lexislación de costas está recollida na lei 22/1988 de 28 de Xullo, no B.O.E. de 29-7-88 e no Real Decreto 1471/1989 que recolle o B.O.E. do 12-12-89.

Tamén interesa, dentro da mesma consellería, a Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, R/ Basquiños, 2. 15704 Santiago (A Coruña) con teléfono 981-546-109, para consultas e información de intervencións nos montes (cortas, canteiras, estabulación...) que poidan afectar ó medio.

A Consellería de Medio Ambiente ofrece información, asesoramento e axudas para a conservación de espazos naturais e promoción de recursos forestais como o desenvolvemento e ordenación de bosques e a mellora e conservación de masa de frondosas (soutos, carballeiras, faiais...).

Podedes dirixir a esta consellería as vosas denuncias sobre vertedoiros, contaminación de augas, vertidos, explotacións animais que supoñan contaminación das augas pola emisión de ouriños, extracción de áridos e pedra en monte e praias, intervencións nos álveos dos ríos ou nos montes que supoñan o seu deterioro, extracción de auga de mar e ríos, apertura de pistas e canceiras de dubidosa legalidade, corta de carballos, sobreiras e outras árbores autóctonas ou destrución de especies protexidas tanto animais como botánicas, etc., seguindo os modelos aportados.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria (San Caetano s/n, Santiago de Compostela, Tel. 981 545 400) e a súa Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e a de Producción Agropecuaria, informan, asesoran e ofrecen axudas en produción agropecuaria, mellora de estruturas agrarias, modernización das explotacións e mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrícolas e gandeiros.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda dende o seu Instituto Galego de Vivenda e Solo ofrece unha serie de modelos arquitectónicos para a construción de novas vivendas que contan coas súas correspondentes subvencións. Ademais, esta consellería ofrece información sobre urbanismo, infraestructuras e vivenda, xestionando axudas para a reconstrución e rehabilitación de vivendas rurais ou para a autoconstrución, e tamén axudas a entidades locais para a formulación de planeamentos urbanísticos. Amais pode recoller aquelas informacións, denuncias ou solicitudes de información sobre obras en inmobles ou construción de inmobles e urbanizacións que alguén estime de dubidosa legalidade.

Como queira que estas informacións quedan desfasadas cada pouco polo cambio das leis, das competencias ou das estruturas da administración, engadimos o enderezo e teléfono do Centro de Atención ó Cidadán: San Caetano, s/n, 15704, Santiago (A Coruña), Tel: 981 544 294 e 981 544 299.

Ademais das consellerías, outros organismos fornecen información e asesoramento:

Quizais alguén non saiba que o Concello de Baiona pertence á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (Vía da Hispanidade 17, 36203, Vigo, Pontevedra, Tel.: 986 473 366), que xestiona, a través do programa PRODOR, axudas a particulares para a realización de investimentos turísticos e o fomento de pequenas empresas no medio rural.

Existe tamén unha "Unidad Española del Observatorio LEADER" que ofrece, na súa páxina Web, información interesante sobre a aplicación dos programas europeos Leader e Proder e algunhas outras verbo do desenvolvemento rural.

Para a Comunidade Europea, Galicia está considerada dentro do grupo das rexións menos desenvolvidas, nas que o PIB é inferior ó 75% da media comunitaria, podéndose acoller ós instrumentos financeiros da Comunidade (Feder, Feoga, ou os mandos Fondos de Cohesión) para o reaxuste da produción agrícola, promoción de produtos, desenvolvemento rural e dos pobos, diversificación de actividades, conservación do patrimonio, fomento do turismo e o artesanado, prevención de catástrofes naturais, do medio e a paisaxe, mellora da formación e produción agrícola e forestal.

No que se refire ó rural, a Comunidade está aplicando a iniciativa LEADER na procura dun desenvolvemento económico e social máis equilibrado, incidindo no

desenvolvemento das zonas rurais desfavorecidas, pretendendo a permanencia da poboación no medio rural, a través de iniciativas que xeren rendas e emprego e sexan respectuosas co contorno. O Programa PRODER tenta impulsar o desenvolvemento sostido e dende as propias comunidades do rural a través da diversificación económica, tentando así frea-lo despoboamento destas zonas, creando expectativas de progreso e calidade de vida asegurando, ó mesmo tempo, a conservación do medio e dos recursos.

Como queira que sería delicado dar un listado de grupos e asociacións ás que se pode recorrer (agrupacións, asociacións, comunidades, grupos ecoloxistas ou doutra índole, institutos, partidos, plataformas, unións...), por mor dos que puideramos mencionar e os que non, simplemente remitirvos ás guías telefónicas dos concellos do Val Miñor, Vigo ou Pontevedra..., onde podedes atopar case todos os que están e vos interesen. A Plataforma Nunca Máis Val Miñor, que non aparece pola súa recente creación, reúnese os domingos ás 12 na antiga estación do tranvía, fronte ó cine Imperial da Ramallosa. Tamén podedes realiza-las vosas procuras en internet.

Agora, a vez é vosa.

Baiona 15 de marzo de 2003

NOTAS

- 1 Atopamos nembargantes espazos públicos con acceso restrinxido por concesión (club de iates) ou de pago obrigado, como no Parador, que polo que se ve é patrimonio do Estado Español, sen que iso signifique "espacio público e gratuito".
- 2 Se a xestión do monte, por pór un exemplo, se lle dá a unha comunidade de veciños, isto non quere dicir que esta sexa propietaria e, polo tanto, cando o alcalde de vez, ou quen sexa, pretende a construción dun cámping, campo de golf (Baiona) ou poñer unha empacadora de lixo (Oia) no monte veciñal, non debería ser suficiente con que os veciños ou concelleiros estean de acordo. A administración debería prover as instancias de control precisas (suficientes e eficientes) para garanti-la protección dos espazos naturais. E postos a pedir ós que nos gobernan, non estaría mal un mínimo de sensibilidade, non só polos oídos xordos ás demandas de tantos anos contra, por poñer outro exemplo, os recheos na ría ou os vertedoiros de lixo abertos na beiramar, que xa lle chega, senón pola aprobación do recheo e construción, estudo de impacto ambiental incluído, dun recheo na enseada de Baiona no que pretenden levantar dous edificios.
- 3 Pode quen manda e se non aí están os chalés de coñecidos alcaldes e empresarios dende a Costa de Vigo ata a da Guarda (cos permisos ou permisividade pertinentes).
- 4 Pero cando esta ocorre semella que os que teñen máis medios (legais ou de calquera outro tipo) son os que máis se salvan ou mesmo conseguen permisos onde outros non poden. Por exemplo, hai un chalé en Monteferro dun coñecido empresario, murado no seu perímetro, mesmo enriba das rochas, con pasarela e embarcadorio pé da praia coas súas correspondentes chapas referindo os permisos pertinentes, e mesmo con gardas de seguridade que aínda seguen coa vista, e desprazándose canda elas emisora en man, as evolucións das parellas ou individuos que permanecen ou pasan polas rochas próximas.
- 5 As noticias que nos chegan de derrubo de obras ilegais nas nosas costas non soen referirse precisamente a xente de cartos que, por outro lado, tampouco lles sería en tanto dano como a quen non ten posibles para reface-la desfeita noutro lado. Doutra banda, a construción ilegal en liña de costa supón unha usurpación de espazo público e crea barreiras para o resto da colectividade (mariscadores, pescadores, paseantes...) ademais da deturpación da paisaxe que supón.

- 6 Por exemplo, a aquela parte dos electores con influencias económicas e políticas, que poideran afectar ó apoio económico nas campañas dos políticos ou na opinión doutros electores achegados ou con relacións con estes.
- 7 Por certo, recomendamos unha camiñata polas rochas entre a piscifactoría de Pescanova e Mougás para ve-la desfeita que supuxo a "limpeza do fuel". As rochas foron removidas para facer unha pista de acceso afectando mesmo a un depósito de carbón duns 5000 anos de antigüidade, e pódese ve-lo chapapote entre as rochas lavadas polas máquinas de presión.
- 8 Os de Baiona denuncian ilegalidades detectadas en Nigrán, e os de Nigrán fan o propio en Baiona.
- 9 Como aconteceu en Oia, entre o castro da Serraseca (Viladesuso) e o castro de Mougás.
- 10 No río de Baíña, por baixo do encoro, atopamos unha corta de carballos, amoreados nos foxos da estrada.
- 11 Algo semellante ó que sucede coas estradas: ábreanse autoestradas e non se dota ás vilas de mellores accesos ou circunvalacións que desconxestionen o tráfico e as velhas vías parchéanse ou déixanse morrer.
- 12 No río da Groba, xusto por riba da fraga de Oliveira, atopamos un enorme recheo á beira do río, pé da pista que sobe á embotelladora de Aguasana, onde recentemente se fixo un grande desterro para a construción dunha nova nave de grandes dimensións. Sen palabras. É unha boa explicación do aumento das pedras no leito nesa zona, e dos sedimentos de area río abaixo, coa súa repercusión na flora e fauna do río e tamén nas cheas. Xunto coa plataforma, según nos contou un veciño, un tubo chega dende a embotelladora ó río, sendo que xa teñen aparecido troitas mortas e, ó dicir dalgúns rapaces, tiveron que abandonar-lo seu baño pois que todo o corpo lles picaba...
- 13 É como cando un grande petroleiro se achega ás nosas costas cun furado no casco e en lugar de levar o barco a un abrigo e tratar de valeira-lo fuel, ordénase levalo ben lonxe para que a pouco probable marca negra non nos chegue a nós e non se vexa; e logo vai o mar, desleal manipulador, e vomita o fuel e espállao por toda a costa...
- 14 Se damos unha volta pola costa entre As Mariñas e Mougás, dende a pista que se fixo removendo as rochas podemos observa-lo fuel debaixo das pedras; as rochas de máis abaixo cheas de salpicaduras de fuel produto da "limpeza"; restos de teas empapadas en fuel abandonadas, xunto con sacos e traxes dos "limpadores", entre as rochas. E todo baixo o cartel do ministerio de Medio Ambiente.
- 14 Se alguén precisa dunha boa cantidade deles para, por pór un exemplo, balizar un circuito, hai ben deles amoreados na mexilloeira vella, pasando As Mariñas, por baixo do Facho.
- 15 No río Miñor, coas obras da autoestrada, metéronse canos no río por aforrar en facer unha ponte. Por riba dese punto podemos observar o acumulación de sedimentos, de máis dun metro de espesor, que favorecerá que o río envorque nas cheas, a mortandade de peixes por falta de osíxeno, a perda das postas dos animais por quedar expostas ó devece-lo álveo, a dificultade de paso, o deterioro das beiras e cambio de trazado, ...e que eses sedimentos poidan chegar ás nosas praias e repoñe-la area.
- 16 Curiosamente algúns dos partidos que votaron no seu momento a favor do proxecto do porto deportivo, durante a campaña electoral seguinte manifestaron a súa desconformidade ou mesmo a intención de interpoñer denuncias.
- 17 Daquela era ministro de **INFORMACIÓN** (de aí lle virán quizais as mañas) e Turismo de España o que hoxe é presidente da Xunta de Galicia.
- 18 O parador debe ser Monte Real (da coroa española) pois que a xente (veciños de Baiona, Val Miñor, españois, ou non) debe pagar entrada ou facer gasto no parador de turismo (o parador é para o turismo), para acceder á zona interior das murallas, o que non ocorre noutros paradores de España e Portugal.
- 19 Quenqueira pode achegarse á lonxa de Baiona, declarada monumento de interese turístico polos propios vendedores, agradecementos ós políticos incluídos, facendo bo uso desa retranca que tamén foi patrimonio da nosa terra.
- 20 Pois "siempre la Iglesia fué compañera del Imperio".
- 21 Clara mostra de intencións de facer perdurar na memoria o sometemento da nosa terra á coroa de Castela, de negar, a forza de monumentos, a nosa identidade. Algo así como o busto de Franco en Pontearreas. Máis do mesmo. Non existe monumento en Baiona referente a fito ningún da nosa historia que non estea en relación cos feitos da coroa española (Pinzón, Encontro de Dous Mundos, a Carabela...). Cada quen que xulgue.
- 22 Unha posible saída para os rapaces das escolas sería a análise do rúeiro da Vila de Baiona, incluíndo os nomes dos establecementos e as dedicatorias dos monumentos.

- Dá para traballar en Historia. Xeografía. Relixión. Galego. Lingua Española... e mesmo Educación Física.
- 23 Por exemplo, sabemos que cando viaxamos todo o mundo quere proba-la tistorra ou o marmitako e, pola contra, non chama nada a atención se nos ofrecen "chorizo" ou "cazuela de atún". Ou quen non prefire un bo polbo da ría e non "una de pulpo estilo feira".
- 24 Do mesmo xeito que o 25 de xullo non se celebra o Día da Patria Galega no Val Miñor e si, por exemplo, o Día da Muíneira da Ramallosa.
- 25 Ténsenos dito que nas Bouzas Trigas, preto da Rocha, a xuventude celebraba antigamente a "Festa do Fodedouro", que máis que de "tentáculos" festexaba outro tipo de tentacións.
- 26 Non é estraño que nos vendan o AVE como a grande solución para Galiza, cando o máis da xente nin sequera lle alcanza (ou simplemente nunca tivo necesidade de) para colle-lo xa vello Talgo. Máis do mesmo. ¿O "progreso" para quen é?... E mentres non, falta saber se a Alta Velocidade Española vai ser como estes "museos", "estadios municipais" e "autovía" que estes mesmos promoveron.
- 27 Datos tomados de González Pérez, Juan : *Nigrán, memoria dunha guerra*. Vigo
- 28 Onde din "romanas" queren dicir (posibles) camiños romanos, sen que iso pareza supoñer problema para incluí-los nun trazado de endure.
- 29 Xa falara o noso presidente da súa intención de "vaciar de significado los símbolos del nacionalismo". Pois unha boa mostra poden ser algunhas bandas de gaitas que, afastándose da nosa tradición e mesmo dos instrumentos patrimoniais, desfilan cal bandas militares ó estilo das bandas escocesas, percusión acrobática (e allea) incluída nas investiduras do mesmiño presidente.. O nacionalismo español imponse. O conto canxa coa teima dos mesmos por tirar das matriculas dos coches as letras das provincias. Agora os coches sonvos todos españois. España Una.
- 30 A pesar de ser formacións naturais, incluímos no patrimonio cultural estas buracas e covas polo seu uso e pola fraseoloxía, toponimia, usos e lendas asociadas.
- 31 Semella que subsiste a idea de "quen queira servicios que os pague". Se non queres atascos, paga a autoestrada. Quizais non hai club náutico municipal porque non vaia ser que os privados se queixen da competencia: o mesmo coas pistas de tenis, o mesmo co tema do aparcamento en Baiona. Mesmo se destinan espacios públicos a tales fins sen que alomenos a xente do concello teña unha contrapartida.
- 32 Xa sinalamos a falla, non xustificada, das necesarias circunvalacións ás vilas aproveitando a apertura da autoestrada.
- 33 Un pensaría que interesa que a xente tome nota e que cando os políticos dispoñen as expropiacións, ou calquera outra cousa, a xente debe acudir con presteza e asinar, non vaia ser que logo non cobren ou o fagan sabe deus cando. É dicir, fomentar esa idea que a xente xa ten: "Eles son os que mandan e logo fan o que queren, así que mellor estar a ben con eles".
- 34 O que vén dicir para quen é "tan necesaria".
- 35 A inflación no prezo dos terreos é tal que, nalgúns anos, os prezos téñense duplicado dun ano a outro, malia os I.P.C.s que calcula o goberno, saberán eles en base a que.
- 36 Por certo, xa postos, sería hora de comezar a denunciar contratos de catro horas cando a xente permanece no seu posto de traballo oito ou mesmo dez horas. Non hai máis que pasar polas tendas e comprobar o tempo real que os dependentes traballan, domingos incluídos, para atende-los turistas. Semella que non hai inspectores de traballo, ou non interesa certo tipo de inspeccións. Aínda que quizais o traballo xa non sexa patrimonio de todos.
- 37 Antes ós que protestaban diciánlles "os do non". Agora son "alborotadores" ou "bata-sunos". Así que ¿para que se quere unha OMIC se ninguén vai atreverse a protestar? E como ninguén protesta, será que todo vai ben.
- 38 Postos no que nada cambia, comparede "Comunicación Social e Turismo" con "Información e Turismo".

